

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de abril de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catorce de abril de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(534).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA OS PROGRAMAS DE 2008 “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE. 2559/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 25.02.08, conformado polo delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para o ano 2008.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe de 168.000,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512.489.0002 (Convenio Federación bandas de música) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O EXERCICIO 2008.

Vigo, o de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. ENRIQUE LORENZO VILA, PRESIDENTE e en representación da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; no sucesivo A FEDERACIÓN.

MANIFESTAN

1. Que o CONCELLO DE VIGO en colaboración coa FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO vén realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ó longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.

2. Que A FEDERACIÓN aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

3. Que dende o ano 1990, O CONCELLO e A FEDERACIÓN veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa “Vigo, un mar de bandas”), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

4. Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa “Aulas de música nas bandas”, que é un programa exclusivo da FEDERACIÓN. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

5. Que O CONCELLO en colaboración coa FEDERACIÓN pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

6. Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola FEDERACIÓN, así como o seu interese público e social, tratándose polo tanto dunha subvención directa, segundo o previsto no artigo 22.2.c da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, o seu regulamento de desenvolvemento e a Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia. Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, formando parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos especificamente no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e A FEDERACIÓN establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do CONCELLO das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na FEDERACIÓN, a través dos seguinte programas:

- ◆ “Vigo, un mar de bandas”, cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.
- ◆ “Aulas de música nas bandas”, cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 168.000,00 (cento sesenta e oito mil) euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada pola FEDERACIÓN que se achega ó expediente, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 117 (cento dezasete), trece por cada unha das nove bandas asinantes, sendo unha delas de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine O CONCELLO.

As contías que se establecen por actuación e banda, á proposta da FEDERACIÓN, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.230,00 €
Escola de Música de Beade	1.230,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.230,00 €
Unión musical de Coruxo	1.165,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.165,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.165,00 €
Unión musical de Cabral	1.165,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.035,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.035,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa a 125.040,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello entregará ademais unha contía de 960,00 euros, a favor da citada Federación, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 42.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”.

Cuarta.- As actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” irán destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á Concellería de Animación sociocultural, en coordinación coa FEDERACIÓN.

Quedarán excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluíranse actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións, ata un máximo de catorce. Realizaranse un máximo de sete procesións. Estas serán solicitadas polas confrarías relixiosas para aquelas procesións no ámbito urbano (centro da cidade), dentro do contexto de Xoves ou Venres santo de Semana santa, a procesión da Borriquilla (Domingo de Ramos), procesión de Santa María (patroa de Vigo, 15 de agosto) e procesión do Cristo da Vitoria desde a Concatedral.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o CONCELLO poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa “Aulas de música nas bandas” están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Quinta.- As obrigas que asume A FEDERACIÓN son as que se recollen no artigo 14 da Lei 38/2003 e, máis concretamente, as seguintes:

1. Que cada unha das nove bandas representadas a través da FEDERACIÓN e relacionadas na cláusula terceira realicen trece actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo CONCELLO.
2. Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.
3. A concellería de Animación sociocultural comunicará á FEDERACIÓN os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:
 - Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co CONCELLO para a súa realización.
 - Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.
 - Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.
4. Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.
5. Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da FEDERACIÓN.
6. Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.
7. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.
8. Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de setembro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo, como patrocinadores do programa “Aulas de música nas bandas”.
9. A Concellería de Animación sociocultural entregará á FEDERACIÓN un total de nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais, para repartir a cada unha das bandas asinantes. Esta estrutura deberá estar presente nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. No caso de que algunha das bandas incumpra este apartado, O CONCELLO poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.
10. As bandas presentarán á FEDERACIÓN solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 26 de decembro.

11. *Presentar unha memoria-avaliación dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” dentro dos dez días seguintes ó da súa execución, onde figurarán como mínimo:*

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

En particular e con relación ó programa “Aulas de música nas bandas”, esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acreedor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa “Vigo, un mar de bandas”).

No caso do programa “Aulas de música nas bandas” achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.

12. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.*

Sexta.- *Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Animación sociocultural deberán asumir os seguintes compromisos:*

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende O CONCELLO, se é o caso, para difundir o concerto e incluír os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ó historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Sétima.- *As obrigas que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, son as seguintes:*

1.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa FEDERACIÓN.

2.- Comunicarlle á FEDERACIÓN os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión ós medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa FEDERACIÓN, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do CONCELLO. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

Oitava.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente A FEDERACIÓN e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante os concertos ou actividades que se determinen.

Novena.- O CONCELLO aboará á FEDERACIÓN a cantidade estipulada na cláusula segunda, 168.000 (cento sesenta e oito mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0128.11.0040003665 da que é titular A FEDERACIÓN, do seguinte xeito:

- Un primeiro pagamento na primeira quincena de maio, por importe de 70.000,00 (setenta mil) euros, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio.
- Un segundo pagamento na primeira quincena de setembro, por importe de 70.000,00 (setenta mil) euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral.
- Un terceiro e último pagamento na primeira quincena de decembro, por importe de 28.000,00 (vinte e oito mil) euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral. A FEDERACIÓN deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de bandas” así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa “Aulas de música nas bandas”.

A FEDERACIÓN terá que acreditar xunto coas anteditas solicitudes de pago as memorias de actuación e económica correspondentes a cada período conforme as condicións establecidas na cláusula quinta apartado once. Os pagamentos tramitaranse previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos documentos xustificativos achegados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas na cláusula terceira) polos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

Décimo segunda.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da FEDERACIÓN, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo terceira.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da FEDERACIÓN, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posibles actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo cuarta.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo quinta.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

2(535).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 392/07 p.a. Demandante: D. Benito Rodríguez Bouza. Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 450/07 p.a. Demandante: D^a Carmen Vilas Pereira. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 068537196. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 286/07 p.a. Demandante: D. Ignacio Domínguez Galán. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068525132. Desestimado o recurso.
- e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense no RC-A nº 213/07 p.a. Demandante: D. Anel Rodríguez Atillo. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 038635635. Desestimento do demandante.
- f) Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 272/07 p.a. Demandante: D. Manuel González Román. Obxecto: Sanción de Tráfico, Expte. 068686250. Desestimento da actora.
- g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 286/07 p.a. Demandante: D. Luis Martín Garrido. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 0786002216. Desestimento do demandante.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense no RC-A nº 393/07 p.a. Demandante: D^a Marina Vázquez Blanco. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte. 068535415. Desestimado o recurso.
- i) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 394/07 p.a. Demandante: D. Cayetano Lledo Castillo. Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Expte. 068526445. Desestimento do demandante.

k) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña no RC-A nº 151/07 p.a. Demandante: TORRE LIBROS, S.L. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 068645912. Desestimado do demandante.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 157/07 p.a. Demandante: Dª Isabel Reina Martínez. Obxecto: Sanción de Tráfico (A.T.) Expte. 068516585. Desestimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 395/07 p.a. Demandante: D. Antonio Diez Fernández. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068537130. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenza e autos.

3(536).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2008. EXPTE. 30666/301.

Cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social da conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: xaneiro, febreiro e marzo de 2008, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
31/01/08	REPARACIÓN E MANTEMENTO UBAS	2120000	200800004218	4.000,00	VIARIOS
18/01/08	MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIABLE	2200000	200800002001	1.200,00	VIARIOS
31/01/08	ADQUISICION LIBROS E OTRAS PUBLICACIONES	2200100	200800004219	1.400,00	VIARIOS
18/01/08	SUMINISTROS	2210900	200800002004	600,00	VIARIOS
08/02/08	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERÍA	2230000	200800005120	3.000,00	VIARIOS
31/01/08	AUTORIZACIÓN POSTA EN FUNCIONAMENTO CENTRO SSSS	2250000	200800004238	134,98	XUNTA
18/01/08	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	200800002006	2.000,00	VIARIOS
04/03/08	OBRADOIRO DE BAILE E PERCUSIÓN PARA MAIORES	2260101	200800010283	9.616,32	WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
11/03/08	PROGRAMA DIURNO DE BALNEARIOS	2260801	200800012305	12.000,00	DIPUTACIÓN – HALCON VIAJES
2602/08	MANTEMENTO PROGRAMA SIUSS	2270600	200800009376	11.988,32	AULA DE INFORMÁTICA DE GALICIA S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(537).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1830.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 7.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a Prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Florentina Montes Sánchez. Expte.1/571.

5(538).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 1/1571.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 7.04.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. M^a de las Mercedes Brao Godoy.

6(539).- SOLICITUDE DE SUBVENCIONA Á CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO DOG N° 50 DO 11.02.08. EXPTE. 7771/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 4.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Tendo en conta o disposto na apartado 6.1.b) do artigo 6 da Orde que regula a convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte sobre a solicitude de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de infraestruturas deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamento deportivo, consonte coas bases reguladoras da convocatoria publicada no DOG n° 50 de 11/03/2008, é polo que o técnico asinante propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Solicitar a subvención para a obra “AMPLIACIÓN DO GRADERÍO NO POLIDEPORTIVO DE BOUZAS-VIGO”, ao abeiro do establecido nas bases da Orde de 5 de marzo de 2008, que regula a convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte sobre a solicitude de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de infraestruturas deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamento deportivo, publicada no DOG n° 50 do 11/03/2008.

2.- Aprobar o proxecto básico e de execución de AMPLIACIÓN DO GRADERÍO NO POLIDEPORTIVO DE BOUZAS-VIGO, por un importe total de 229.317,74 €, redactado por Naos 04 Arquitectos, S.L, por encargo da concellaría de Deportes.

3.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita Orde de 5 de marzo de 2008 (DOG n° 50 do 11/03/2008).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(540).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE DEPORTIVA DE ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXI TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS O DÍA 20.04.08. EXPTE. 7758/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 7.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro domingo 20 de abril de 2008, no Parque Forestal de San Miguel de Oia, o XXXI TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS, dito carreira comenará ás 10.00 horas e rematará arredor das 14.30 horas”.

8(541).- RETRIBUCIÓN DA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS, AQUALIA, ANO 2007. EXPTE. 101177/140.

Dáse conta do informe proposta do xefe de Servizo de Investimentos, do 15.02.08, conformaco polo interventor xeral e pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 31 de xaneiro de 2008, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade AQUALIA FCC VIGO UTE solicita desta Administración Municipal a actualización da súa retribución, con efectos de 1 de xaneiro de 2007, en contraprestación do servizo prestado a través da xestión integral da subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais propoñendo unha retribución de 0,9953€/m³ de auga facturada.

Unha vez analizada a referida petición, esta xefatura emite o seguinte informe:

- 1º *A Xunta de Goberno Local na sesión de data 25 de maio de 2007 acordou: establecer como retribución da concesionaria do servizo, con efectos do 1 de xaneiro de 2006 a cantidade de 0,9592€/m³. A actualización interesada pola entidade supón un incremento do 3,76% sobre o actualmente existente.*
- 2º *Non procede efectuar ningunha precisión ós factores integrantes da retribución, que a marxe se reseñan, toda vez que a súa repercusión non experimentou variación ningunha con respecto ós expedientes de retribución dos exercicios 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 polo que se dan por reproducidas as manifestacións e xustificacións contidas nos informes desta xefatura de data 14/8/2002 e 28/8/2003 e 8 de maio de 2007.*

Os referidos factores constitutivos e a repercusión proposta son as que a continuación se detallan:

- | | |
|--|------------------------------|
| <i>– Canon municipal:</i> | <i>0,0300€/m³</i> |
| <i>– Financiamento explotación E.D.A.R. colectores período 1/8/98-31/12/98</i> | <i>0,0032€/m³</i> |
| <i>– Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR lagares</i> | <i>0,0107€/m³</i> |

- 3º *Con respecto ós factores custe unitario explotación e recuperación do plan de investimentos, é de significar o seguinte:*

- *Custe unitario de explotación.- O concepto de custe unitario aparece claramente definido na cláusula 3ª do Prego de Condicións Económico-Administrativas, e comprende todos aqueles gastos que son imputables ó mantemento, conservación e explotación da infraestrutura de abastecemento e saneamento adscrita ó servizo público. Na referida cláusula establécese que a súa determinación efectuarase en €/m³ de auga facturada.*

O custe unitario actualmente vixente, de conformidade coa última modificación de retribución aprobada (Xunta de Goberno Local de data 25/05/2007 ascende a 0,5669€/m³, e para a súa retribución deberase estar ó previsto nas cláusulas 85 e seguintes do Prego de Condicións Económico-Administrativas, que para tal efecto establece a seguinte fórmula polinómica:

$$K(t) = a \frac{H(t)}{H(o)} + b \frac{E(t)}{E(o)} + c \frac{S(t)}{S(o)} + d \frac{G(t)}{G(o)} + 0,05$$

Os índices finais o termo de cada factor constitutivo están referidos ó mes de decembro de 2006, e os iniciais a decembro de 2005 de tal sorte que se enlaza a serie establecida na última actualización do custe unitario.

Respecto o factor man de obra preveuse un incremento do 3,76%, que resulta do seguinte cálculo:

IPC previsto para 2007 (equivalente al interanual a octubre/07) + diferencia paga Beneficios (20% frente 19,75% de años anteriores) = 3,6 + 0,16 = 3,76%.

De conformidade co anteriormente exposto a revisión fórmulase nos seguintes termos:

$$K(t) = 0,606 \times \frac{103,76}{100} + 0,176 \times \frac{1073,0}{977,9} + 0,108 \times \frac{2335,6}{2414,8} + 0,06 \times \frac{102,7}{100} + 0,05$$

$$K(t) = 1,037979$$

En definitiva o custe unitario, con efectos de 1 de xaneiro de 2007, resultará o seguinte:

$$0,5669 \times 1,037979 = \underline{0,5884\text{€/m}^3}$$

- Recuperación do plan de investimentos.- Achégase, a petición da entidade concesionaria o modelo de recuperación dos investimentos comprometidos e das desviacións detectadas sobre a tarifa media, que xa foron obxecto de aprobación ata o exercizo 2005, así como as definitivamente imputables ó ano 2006 (3.429.300,60€).

A estrutura do modelo financeiro, os parámetros nel incluídos e a súa forma de cálculo non alteran en forma ningunha as formulacións de tarifa media que serviron de base para aprobación de anteriores expedientes de actualización de retribución e de revisión de taxas.

Nembargantes o anterior, é de significar que o carácter puramente dinámico do modelo financeiro esixe a súa actualización ou axuste ó peche de cada exercicio económico, e en tal sentido debe destacarse a introducción de certas modificacións nas variables que a continuación se explicitan:

1º Actualización das desviacións rexistradas no exercicio 2006:

Referidas á tarifa media.- De conformidade coa certificación emitida polo Director de Administración e Finanzas de Aqualia, os resultados de explotación son os seguintes:

Volumen de facturación: 39.736.971 m³.
Importe: 34.686.351,72€ (IVE excluído)

A tarifa media real e a seguinte: $\frac{34.686.351,72\text{€}}{39.736.971\text{m}^3} = 0,8729\text{€/m}^3$

Tendo en conta que a tarifa media ou retribución aprobada (Xunta de Goberno Local 27/05/2007) ascende a 0,9592€/m³, a desviación por este concepto supón:

$$(0,9592 - 0,8729) \times 39.736.971\text{m}^3 = 3.429.300,60\text{€}$$

A criterio do informante non procede recoñecemento das inversións comunicadas pola entidade concesionaria, por importe de 316.456€, correspondentes a actuacións realizadas na EDAR do Lagares salvo que se acredite o encargo das obras correspondentes por parte do órgano municipal competente ou, no se caso, Concellalía delegada, que quedará supeditado á verificación da execución do proxecto a través da respectiva acta de recepción.

2º Respecto ó cadro de recuperación de investimentos que se fai figurar como anexo 4 na petición de revisión da retribución da entidade concesionaria, é de significar o seguinte:

- Adquisición de terreos EDAR do Lagares, activada no mes de maio do ano 1996.

Terreos adquiridos para a construción da EDAR do río Lagares.- Con data 10 de abril de 1996, mediante escritura pública outorgada ante o Notario D. José Antonio Rodríguez González, baixo o número 1019 do seu protocolo, esa entidade concesionaria adquiriu unha superficie aproximada de 28,288 m², sobre a que se asenta a EDAR do río Lagares.

Os gastos xerados como consecuencia da dita actuación foron os seguintes:

Importe adquisición:

28.287 m² x 6.000 ptas./m² 169.722.000

Honorarios notario:

Minuta 01/961019	1.824.841	
Minuta 02/960103	1.740	
Minuta 03/960254	<u>23.200</u>	1.849.871

Delegación Consellería de Economía e Facenda:

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.	<u>10.183.320</u>
TOTAL	181.755.101

181.755.101 x 1,11 = 201.748.162 (cifra a recuperar) 1.212.531€, que se activa no modelo de recuperación nos mes de maio de 1996.

- Desviación correspondente á asunción da explotación da EDAR do Lagares entre os meses de agosto a decembro do ano 2000.

A Comisión municipal de Goberno en sesión de data 24 de febreiro de 2000, e de conformidade co informe emitido pola Secretaria Xeral acorda que o tratamento de lamas queda comprendido no concepto da xestión integral do servizo de abastecemento de augas e saneamento, invocándose para iso o número 3 da Base primeiro do Prego de Condicións Económico-Administrativas da concesión.

A entidade concesionaria ofertou facerse cargo do servizo por un importe de 6,7 ptas./kg, o que se traduce nunha cantidade anual de 100.500.000 ptas., sobre unha produción estimada de 15.000 Tm/año. Dito custe deberá ser reducido na cantidade de 27.900.000 ptas., xa consideradas no estudo de explotación da EDAR do Lagares, sobre o que emitiu informe favorable o xefe do servizo de Aforro Enerxético.

Como consecuencia do acordo da Comisión Municipal de Goberno, anteriormente citada, a entidade concesionaria asumiu a prestación do servizo de eliminación de lamas con data 1 de agosto de 2000.

72.600.000 ptas. / 12 x 5 = 30.250.000 ptas. = 181.810€ que se activa entre os meses de agosto e decembro do ano 2000 (en contía de 36.362 €/mes)

- Investimento correspondente ó cumprimento da Sentencia do Tribunal

Supremo.

A sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección Sexta) resolveu estimar o recurso contencioso administrativo, anulando o acordo da Comisión Municipal de Goberno de 27/3/92, que acordou suspender cautelarmente a ordenación de pagamentos derivados do acordo plenario do 28/11/91, e, na súa consecuencia, decidiu recoñecer plena validez e eficacia ó convenio expropiatorio suscrito entre a Comisión Negociadora Municipal e a Comisión Negociadora Veciñal, que fixou a cantidade indemnizadora na suma de 3.000 ptas./m².

E por isto que o cumprimento, nos seus propios termos, da precitada sentenza esíxelles inexcusablemente o aboamento inmediato ós titulares expropiados da cantidade total de 184.320.000 pesetas, baseándose nunha valoración unitaria de 3.000 ptas./m², sobre unha superficie total pendente de adquisición de 61.440m², segundo informe do xefe de servizo de Topografía do 31/3/00.

61.440 x 3.000 =	184.320.000
Notaría =	<u>4.000.000</u>
TOTAL =	188.320.000

188.320.000 x 1,11 = 209.035.200 (cifra a recuperar) 1.256.330€ que se activa no modelo de recuperación con data marzo 2001.

- Desviación relativa a asunción de débedas a cargo da administración municipal.

Corresponde o cumprimento do acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 24 de febreiro de 2000, relativo a asunción por parte da entidade concesionaria da débeda contraída pola administración municipal coa entidade SOGARISA, que figura no cadro de recuperación como desviación activada no mes de marzo de 2001 pola cantidade de 497.760€

- Execución de investimentos acordados no Pleno desta Corporación (sesión de data 22 de outubro de 2001), activado no mes de novembro de 2001.
 - > Modificacións en bombeo emisario EDAR Lagares 210.354€
 - > Cúpula dixestor EDAR Lagares 102.172€
- Previsión de gastos de transmisión ó Concello de Vigo dos terreos adquiridos para a instalación da EDAR do Lagares (28.287m²)

Así mesmo prevense os gastos necesarios para a transmisión dos terreos ós que se fan referencia do apartado letra a) precedente a favor do Concello de Vigo por tratarse de terreos que figuran adscritos a un servizo público e a súa propiedade debe rexistrarse a favor desta Administración Municipal.

A estimación de gastos é a seguinte:

Custe de venda de terreos ó Concello: (Estimación axustable)	
Notarios, rexistro,... =	2.000.000
Impostos (IVE15%) = 181.755.101x16 =	<u>29.080.816</u>
TOTAL	31.080.816

31.080.816 x 1,11 = 34.499.706 (cifra para recuperar) 207.350€, que se activa no modelo de recuperación xaneiro 2008.

A recuperación dos investimentos agrupados neste apartado supón unha repercusión en tarifa, con efectos do 1 de xaneiro de 2007, de 0,0107€/m³.

- 3º A demanda de abastecemento prevista para o exercizo 2007, coincide coa fixada no modelo de recuperación aprobado polo pleno en sesión de data 9 de decembro de 1998. Neste sentido parece conveniente resaltar que se continúa observando unha tendencia favorable da evolución da demanda de abastecemento e por tanto das cifras de facturación previstas no modelo económico previsional, elaborado segundo acordo plenario de 9/12/1998, segundo o seguinte detalle:

DEMANDA ABASTECIMIENTO

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUMEN REAL FACTURADO	DIFERENCIA M ³	VARIACION %
2004	35.057*	38.120*	3.063*	+ 8,74%
2005	35.632*	39.955*	4.323*	+12,13%
2006	36.216*	39.737*	3.521*	+ 9,72%

*Miles de m³

- 4º O tipo de xuro previsto no modelo financeiro para o exercizo 2007 establécese no 6,70%, cunha redución de 0,46 e 0,45 puntos porcentuais con respecto á previsión de evolución desta magnitude establecida no modelo financeiro pola entidade PRICE WATERHOUSE COOPERS, que prognosticaba un tipo de xuro do 7,16% e 7,15% para o primeiro e segundo semestre respectivamente do exercizo económico 2007.
- 5º Permanece invariable a prognose de evolución da demanda do abastecemento, introducida no acordo plenario de 9/11/98, que establecía un incremento acumulativo do volume a facturar equivalente o 1,64% a partir do exercizo 1998 se ben as cifras de facturación reflectidas nos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 correspóndese coas realmente xiradas ós usuarios do abastecemento.
- 6º Os tipos de xuros a partir do ano 2008 coinciden cos establecidos no modelo de cálculo elaborado pola consultora PRICE WATERHOUSE COOPERS segundo a evolución prevista do custe total medio do dito parámetro, sen prexuízo das actualizacións que procedan unha vez comprobado o custe financeiro real de cada ano.
- 7º Actívanse no modelo de recuperación (Anexo 2) investimentos por importe de 15.251.296,69€, cuxa fórmula de financiamento ten o seu encaixe no acordo plenario de data 31/3/2003. A execución das ditas actuacións foi encomendada a entidade concesionaria de conformidade cos acordos adoptados nos órganos municipais e sesións que a continuación se indican:

- a) NO QUE ATINGUE AS DECISIONS ADOPTADAS POLOS DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS RESPECTO O ENCARGO E CONSEGUINTE ORDE DE EXECUCION DAS INVERSIONS A ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO.

Na tabla que se achega, no presente apartado, especificanse os distintos acordos adoptados pola Administración Municipal, que serviron de base para a contratación das inversións, por parte da entidade concesionaria, así como a asunción dos correspondentes compromisos económicos cos diferentes contratistas, que resultaron adxudicatarios.

TITULO PROXECTO	ADXUDICACION	IMPORTE
P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO CABRAL	X.G. L. 20/09/2004	1.050.176,23€
BOMBEO MONTE CEPUDO	X.G.L. 20/09/2004	79.884,99€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 26/07/2004)
ACOMETIDAS SANEAMENTO VALADARES	X.G.L. 20/09/2004	348.802,72€
AMPLIACION SANEAMENTO BEMBRIVE 2º FASE	X.G.L. 20/09/2004	1.175.069,90€
COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUIÑONES DE LEON	X.G.L. 20/09/2004	131.076,09€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 02/08/2004)
MELLORA COLECTOR (CORUXO)	X.G.L. 20/09/2004	169.563,97€
SUST.COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	X.G.L. 20/09/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMIENTO R.COLOMBIA	X.G.L. 20/09/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS	X.G.L. 20/09/2004	257.324,41€
CRUCES CANALIZACION REGO G.VIA E SAMIL	X.G.L. 20/09/2004	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCABRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	X.G.L. 20/09/2004	87.500,00€
ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE	X.G.L. 20/09/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 14/12/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 14/12/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	X.G.L. 14/12/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	X.G.L. 14/12/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/12/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMENTO ROTEAS-HERMIDA	X.G.L. 14/12/2005	77.421,00€
SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA	X.G.L. 14/12/2005	28.781,54€
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	X.G.L. 14/12/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 14/12/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMENTO COUTADAS	X.G.L. 14/12/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	X.G.L. 14/12/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 31/03/2003	7.049.844,65€
ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	PLENO 31/03/2003	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	X.G.L. 02/08/2004	57.436,13€
DIRECCION OBRA CIISA	X.G.L. 05/05/2003	215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL	X.G.L. 02/08/2004	53.544,00€

b) RESPECTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLOS DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS EN RELACION COA APROBACION TECNICA DAS ACTUACIONES QUE SE SOMETEN A RECOÑECIMENTO.-

A totalidade das inversións encomendadas á entidade concesionaria do servizo precedió o oportuno acordo sobre aprobación técnica dos proxectos ou, no seu caso, decisión da Administración Municipal en canto á admisión das Memorias valoradas propostas.

Na tabla que se achega se relacionan os diferentes acordos relativos ós correspondientes proxectos.

TITULO PROXECTO	APROBACION TECNICA	IMPORTE
P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO	X. G. L. 09/06/2003	1.050.176,23€

CABRAL		
BOMBEO MONTE CEPUDO	X.G.L. 26/07/2004	79.884,99€
ACOMETIDAS SANEAMENTO VALADARES	X.G.L.30/08/2004	348.802,72€
AMPLIACION SANEAMENTO BEMBRIVE 2º FASE	X.G.L. 19/07/2004	1.175.069,90€
COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUIÑONES DE LEON	X.G.L. 02/08/2004	131.076,09€
MELLORA COLECTOR (CORUXO)	X.G.L. 19/07/2004	169.563,97€
SUST.COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	VER ACUERDO X.G.L. 02/08/2004Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMIENTO R.COLOMBIA	VER ACUERDO X.G.L. 02/08/2004Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS		257.324,41€
CRUCES CANALIZACION REGO G.VIA E SAMIL	RECOÑEC. CREDITO	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCABRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	ORDEN SERV. CONC. DEL 21/07/2004 INF. V.O. 20/07/2004	87.500,00€
ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE	X.G.L. 30/08/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 24/10/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 02/05/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	MEM. X.G.L. 14/11/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/11/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMENTO ROTEAS-HERMIDA	MEM. X.G.L.14/11/2005	77.421,00€
SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA	MEM. X.G.L. 14/11/2005	28.781,54€
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	MEM. X.G.L. 14/11/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	INFORME V.O. 22/11/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMENTO COUTADAS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	EST. INF. V.O. 23/11/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 28/01/2002	7.049.844,65€
ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	**	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO		57.436,13€
DIRECCION OBRA CIISA		215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL		53.544,00€

As actuacións anteriormente referidas son recuperadas pola entidade concesionaria dende o 1 de xaneiro de 2005, data na que conclúe a amortización total do préstamo da empresa municipal no que se subrogou a entidade AQUALIA, detraendo para isto do canon dispoñible a contía suficiente que permita a cancelación total das ditas obrigas entre a data anteriormente citada e o remate do período concesional.

A inclusión da ampliación do plan de investimentos no modelo financeiro de recuperación efectúase considerando que a obra executada activase no momento da expedición da documentación acreditativa do pagamento ó proveedor (pagaré) e o resto en función do plan de obras previsto, computando un período medio de pagamento de 90 días.

Coas matizacións expostas a tarifa de recuperación do plan de investimentos para o ano

2007, sitúase no 0,3618 €/m³.

- 8º *Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polas Administracións Públicas, entre os exercizos 1991 e 2005 (ambos inclusive), por un importe total de 1.157.539,28€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento.*

Como conclusión cabe dicir que a retribución da concesión, con efectos do 1 de xaneiro de 2007 e durante o dito exercizo ascende a 0,9941 €/m³, con arranxo a seguinte descomposición de factores:

● Custe unitario:	0,5884€/m ³
● Financiamento explotación EDAR e colectores, (período 1/8/98-31/12/98):	0,0032€/m ³
● Recuperación plan de investimentos	0,3618€/m ³
● Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR lagares:	0,0107€/m ³
● Canon municipal:	0,0300€/m ³

En consonancia co contido do presente informe esta xefatura proponlle a Xunta de Goberno Local, tra-lo conforme da Intervención Xeral a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1º *Establecer como retribución da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, Aqualia, a cantidade de 0,9941 €/m³ de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2007.*
- 2º *Requirir á entidade concesionaria do servizo para que proceda a ingresar o canon a favor desta Administración Municipal na forma e prazos que establece o prego de cláusulas económico-administrativas que rexiu o concurso convocado para o outorgamento da concesión administrativa.*
- 3º *Reiterar a entidade concesionaria do servizo as certificacións acreditativas da execución dos investimentos acordadas no Pleno da Corporación Municipal (22/10/2001), que figurar activadas no modelo de recuperación (Anexo 3) no mes de novembro de 2001, por importe de 312.530€.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(542).- MELLORAS APLICABLES Á PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 72171/210.

Dáse conta do informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.04.08, que di o seguinte:

I) FEITOS:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14.08.2006, acordou someter a información pública os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do concurso público para a contratación da xestión indirecta (concesión) do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER).

2.- Tralo período de exposición ao público, o expediente fiscalizouse polo servizo de intervención xeral, emitindo informe con data 05.12.2006.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 26.12.2006, aprobou definitivamente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do concurso aberto para a xestión indirecta do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública, así como dispuso convocar a licitación para a selección do contratista.

4.- Trala publicación do concurso no BOE, DOGA e BOP, e unha vez rematado o prazo para a presentación de proposicións, “Dornier, S.A” presentou a súa oferta económica. No Tomo III da mesma, relaciónanse as melloras ofertadas pola entidade mercantil sin coste para o Concello, acompañándose da avaliación económica das mesmas.

5.- Con data 18.05.2007, a Mesa de Contratación fai proposta de adxudicación a favor da entidade mercantil “Dornier, S.A”.

6.- Previo informe de fiscalización da proposta de adxudicación polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23.05.2007, acordou adxudicar a “Dornier, S.A” a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública, segundo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeron a contratación e a oferta técnica e proposición económica presentada pola entidade mercantil.

7.- Trala constitución da garantía definitiva pola adxudicataria, con data 14.06.2007 formalizouse o contrato en documento administrativo.

8.- Con rexistro de entrada 29.10.2007, doc. nº 70.120.474, Don Carlos A. Baña Neira, actuando en nome e representación de “Dornier, S.A”, presentaba escrito donde solicitaba, considerando as melloras propostas pola mercantil na súa oferta, que o Concello procedese á “aprobación” daquelas melloras a implantar no servizo ou, no seu caso, á substitución das melloras ofertadas por outras de avaliación económica equivalente.

9.- Con rexistro de entrada 30.11.2007, doc. nº 70.135.641, Don Carlos A. Baña Neira, actuando en nome e representación de “Dornier, S.A”, presentaba escrito de 29.11.2007 donde manifestaba que “... el pasado día 29/10/07 Dornier presentó el estado de aceptación o rechazo de las mejoras presentadas en la oferta según las diferentes reuniones mantenidas hasta la fecha. Que en base a reuniones mantenidas posteriormente, se ha establecido la siguiente propuesta de aceptación de mejoras (ver anexo II), ofreciendo además alternativas para aquellas que no fueran aceptadas, destinando su importe económico, como así lo permite la primera mejora presentada por Dornier, a otros proyectos técnicos, asistencias técnicas, trabajos, campañas, etc. relativos al área de movilidad y transportes de la Concejalía de Movilidad, Transportes y Seguridad en el plazo de los próximos cuatro años.”

10.- Mediante informe de 05.03.2008, o Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes xustifica tecnicamente as motivacións pertinentes para inaplicar á XER as melloras nº 1.1.14 e 21, aprobadas no seu día pola Xunta de Goberno Local. Devandito informe ten o seguinte teor literal:

“... O Servizo de Xestión de Estacionamentos Regulados na vía pública (XER) foi adxudicado a Dornier S.A en sesión ordinaria de 23.05.07. A referida empresa presentou solicitude para que o Concello prestara conformidade ás melloras presentadas coa súa oferta e que forman parte do contrato de adxudicación.

As melloras, cuantificadas economicamente segundo se establecía no prego, engadía no punto 1.1.1 “que o Concello poderá destinar o importe económico equivalente a outras melloras” polo que entende, sen ningún xénero de dúbidas, que corresponde a este Concello determinar as melloras que poiderán ser máis axeitadas para a xestión do servizo e no seu caso substituír unhas melloras por outras, sen modificar o importe global das citadas melloras, que se cifrou en 1.113.175 €. No sentido inidicado considerouse como melloras que deberán ser aceptadas por entender que melloran a calidade do Servizo as seguintes:

1.1.1.- posibilidade de substitución dunhas melloras por outras

1.1.2.- número de expendedores de tiques

1.1.3.- sistemas de pago en expendedores de tiques

- 1.1.4.- paneis solares en expendedores de tiques
- 1.1.5.- teclado para introdución de matrícula no expendedor
- 1.1.6.- aplicación de adveración de denuncias on-line
- 1.1.7.- aplicación sigma de mantemento
- 1.1.8.- aplicación de información do estado de ocupación (free)
- 1.1.9.- aplicación de xestión interna do centro (sena)
- 1.1.10.- aplicación para avisos de grúa
- 1.1.11.- aplicación para a xestión de residentes (ceres)
- 1.1.12.- creación e mantemento páxina web do servizo
- 1.1.13.- aportación en campañas de mobilidade e tráfico do concello de vigo
- 1.1.16.- reforzo para a xestión municipal de distintivos de residentes
- 1.1.17.- mantemento aplicacións informáticas
- 1.1.18.- estudos de mercado de ampliación do servizo
- 1.1.19.- auditoría externa
- 1.1.20.- teléfono de anteción ao usuario tipo 900

As partidas 1.1.15, 1.1.14 e 1.1.21 merecen unha consideración diferenciada.

PARTIDA 1.1.15: SISTEMA DE VISIÓN ARTIFICIAL CON 20 CÁMARAS

Dornier ofrece a instalación de 8 cámaras para visión artificial adicionais ás 12 esixidas polo Prego de Condicións. Con relación a esta mellora esta Xefatura entende, salvo superior criterio, toda vez que trata dun sistema de xestión novedoso tecnoloxicamente e tratarse dun prototipo aplicado por primeira vez en España que é procedente analizar o resultado da instalación piloto que se pretende instalar nun treito concreto da rúa Venezuela, e á vista da experiencia efectiva de tal modelo de xestión, se tome a decisión de continuar co proxecto, aceptando nese caso a mellora por un importe total de 96.000 € ou ben incorporar o importe citado a outras melloras.

PARTIDA 1.1.14: SISTEMA DE COMUNICACIÓNS EXCLUSIVO E PROPIETARIO NO 100% DOS EXPENDEDORES DE TIQUES

Dornier ofrece instalar un sistema de comunicacións que conecte o 100% dos expendedores de tiques. Deste xeito conseguiríase que o 75% non esixible no Prego (so esixía o 25%) dera cobertura ás comunicacións á totalidade dos expendedores das zonas reguladas mediante un sistema adicional alternativo ao GPRS. Enténdese que o 25% da totalidade de expendedores segundo contemplaba o Prego de Condicións é suficiente, por entender que o sistema GPRS é suficientemente fiable e que a mellora adicional de contar cun sistema alternativo para a totalidade dos equipos aínda poidendo ter un certo interese, non se considera unha inversión de interese suficiente para destinar a esa garantía complementaria de comunicacións un importe dunha cuantificación tan importante. Polo anterior propónse non aceptar tal mellora.

PARTIDA 1.1.21: PUNTOS DE INFORMACIÓN MUNICIPAIS A TRAVES DUNHA REDE WIFI.

A mellora proposta permitiría crear un área de influencia das zonas reguladas pola XER para instalar puntos de información municipal conectados á rede WIFI, permitindo a conexión mediante este sistema equipos (adicionais non contemplados na mellora) para acceso á Web do Concello, informacións relativas á localización de Organismo Oficiais, puntos de información cultural, turística, etc. A citada mellora por importe de 10.000 € non se entende procedente toda vez que a adxudicación do contrato de Mobiliario Urbano xa contemplaba puntos de información da natureza ofertada que están neste momento en proceso de instalación e posta en funcionamento. Polo anterior esta mellora propónse que non sexa aceptada.

Polo exposto propónse que o importe das melloras que se propón que non sexan aceptadas partidas, 1.1.14.....555.000,00 €, 1.1.21..... 10.000,00 € = Suma.... 565.000,00 €, se destine integramente e de conformidade co indicado no punto 1.1.1 da Oferta de Dornier que permite substituír todas ou parte dunhas melloras por outras, e polo importe total antes citado de 565.000,00 € se destinen á realización de asistencia técnica, traballos, campañas ou congresos relacionados coa mobilidade, o transporte e o tráfico, considerando a súa repercusión directa na mellor xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiques na vía pública (XER).

Indicar que a transformación do montante económico das partidas non aceptadas para destinalas aos conceptos anteriormente indicados están acordados coa Concesionaria e que o obxecto das mesmas é conseguir mellorar a mobilidade da cidade, con estudos, proxectos e campañas de publicidade que analicen e propoñan actuacións de tráfico e que dimensionen a realidade das necesidades de aparcamentos

regulados, de residentes, etc., concludindo en propostas de actuación fundamentadas.”

11.- Con data 07.04.2008, o Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Tráfico, Don Xulio Calviño Rodríguez, e Don Carlos A. Baña Neira, actuando en nome e representación de “Dornier, S.A”, asinan un convenio-acordo sobre determinación e modificación das melloras a aplicar á xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no art. 127.1.f) da LRBRL 7/1985.

II) NORMATIVA APLICABLE:

- LRBRL: Lei das Bases do Réxime Local 7/1985, de 2 de abril.*
- TRLCAP: Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- RXCAP: Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.*
- RSCL: Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955.*
- PCAP/PPT: Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 26.12.2006.*

III) FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Considerando a oferta económica presentada no seu día por “Dornier, S.A”, concretamente no Tomo III da mesma, donde se relacionan e valoran as melloras ofertadas pola mercantil, e ao abeiro do disposto no apartado 1.1.1 (“Mejoras gratuitas para el Concello”), donde se oferta ao Concello a posibilidade de substituir, todas ou parte das melloras por outras de valoración económica equivalente,

Considerando os escritos presentados pola concesionaria en datas 29.10.2007 e 30.11.2007,

Considerando o informe do Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes de 05.03.2008 no que xustifica técnicamente as motivacións pertinentes para inaplicar á XER as melloras nº 1.1.14 e 21, aprobadas no seu día pola Xunta de Goberno Local,

Cómpre determinar e modificar, as melloras que a aplicar á xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER).

De acordo co disposto no apartado 9.1.f) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares da XER, que constitúe a lei do contrato (STS 07.02.96; 16.07.90), as melloras que se acorden deben ser “directamente aplicables á xestión do servizo público-XER”. Estas melloras deberán aumentar a calidade da prestación do servizo público naqueles aspectos, que a xuízo da Administración, sexan interesantes e beneficiosos para o desenvolvemento do mesmo, superando os requerimentos básicos establecidos no prego. En síntese, trátase de mellorar a prestación do servizo público adxudicado. Así, por esta vía non cabería introducir melloras que non redunden en beneficio do servizo público -XER-, que implicasen “medios de financiación para as Entidades Locais” alleos ao servizo público que se adxudicou (Vid. Informe da Xunta Consultiva de Contratación 44/95/ de 21 de decembro de 1995).

Asemade, considerando a regulación establecida no PCAP e na propia oferta presentada pola concesionaria, sinalar que a proposta que se somete á aprobación da Xunta de Goberno Local non ten carácter de modificación dos elementos integrantes do contrato administrativo. Así pois, non se produce unha alteración da prestación que o contratista se comprometera a executar no seu día, pois el mesmo ofertou a posibilidade de substituir unhas melloras por outras, nin tampouco alteración do prezo de contrato.

En aras do interese xeral e dunha mellor xestión do servizo público adxudicado (XER), ao abeiro da oferta presentada pola adxudicataria no seu día (vid. tomo III, aptdo. 1.1.1), así como do contido dos escritos presentados pola concesionaria en datas 29 de outubro e 30 de novembro de 2007,

Considerando o informe do Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes de 05.03.2008 e en función

do acordo asinado entre a adxudicataria e a Concellería de Mobilidade, Seguridade e Tráfico de data 07.04.2008,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO PRESENTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), as melloras ofertadas por “Dornier, S.A” e aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23.05.2007, que a continuación se relacionan:

- Mellora nº 1.1.1.- Posibilidade de substituir unhas melloras por outras.
- Mellora nº 1.1.2.- Número de expendedores de tiquets.
- Mellora nº 1.1.3.- Sistemas de pago en expendedores de tiquets.
- Mellora nº 1.1.4.- Paneis solares en expendedores de tiquets.
- Mellora nº 1.1.5.- Teclado para introducción de matrícula no expendedor.
- Mellora nº 1.1.6.- Aplicación de adveración de denuncias on- line.
- Mellora nº 1.1.7.- Aplicación SIGMA de mantemento.
- Mellora nº 1.1.8.- Aplicación de información do estado de ocupación (FREE).
- Mellora nº 1.1.9.- Aplicación de xestión interna do centro (SENA).
- Mellora nº 1.1.10.- Aplicación para avisos de grúa.
- Mellora nº 1.1.11.- Aplicación para a xestión de residentes (CERES).
- Mellora nº 1.1.12.- Creación e mantemento páxina web do servizo.
- Mellora nº 1.1.13.- Aportación en campañas de mobilidade e tráfico do Concello de Vigo.
- Mellora nº 1.1.16.- Reforzo para a xestión municipal de distintivos de residentes.
- Mellora nº 1.1.17.- Mantemento aplicacións informáticas.
- Mellora nº 1.1.18.- Estudos de mercado de ampliación do servizo.
- Mellora nº 1.1.19.- Auditoría externa.
- Mellora nº 1.1.20.- Teléfono de atención ao usuario tipo 900.

SEGUNDO: Inaplicar á xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública , as seguintes melloras ofertadas no seu día por “Dornier, S.A” e aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23.05.2007:

- Mellora nº 1.1.14.- Sistema de comunicacións exclusivo e propietario no 100% dos expendedores de tiquets: 555.000 €.
- Mellora nº 1.1.21.- Puntos de información municipais a través dunha rede wifi: 10.000 €.

TERCEIRO: Destinar o importe das melloras rechazadas (nº 1.1.14 e 1.1.21), que ascenden a un total de 565.000 €, á realización pola concesionaria ou terceiro co que esta subcontrate de asistencias técnicas, traballos, campañas ou congresos relacionados coa mobilidade, os transportes e o tráfico, considerando a súa repercusión directa na mellor xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER).

CUARTO: Aplicar á xestión do servizo público do estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER) a mellora nº 1.1.15, ofertada por “Dornier, S.A” e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23.05.2007, do seguinte xeito:

Aplicar á xestión do servizo público a mellora nº 1.1.15, instalación dun sistema de visión artificial con oito cámaras adicionais ás 12 cámaras esixidas polo Prego de Condicións Técnicas, condicionando esta aplicación ao resultado satisfactorio que se obteña, de selo caso, coas 12 mentadas. No seu defecto, para o suposto de que non se cumpra a condición imposta, destinar os 96.000 € desta mellora do mesmo xeito que o disposto no apartado 3º deste acordo.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos Concelleiros Delegados de Mobilidade e Contratación, así como á entidade mercantil “Dornier, S.A” nos termos previstos no artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(543).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE MARZO DE 2008. EXPTE. 694/334.

En cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005, mediante providencia de data 4.03.08 a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de marzo de 2008, que son os seguintes:

Expediente	693/334. Actuación da compañía de teatro Talía Teatro coa obra <i>Bicos con lingua</i>
Decreto concelleira	data 31 de marzo de 2008
Informe Intervención	RC 15393
Adxudicatario	Producións Teatrais Talía, S.L.
Importe	4.500,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(544).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DO EIXO DAS RÚAS ELDUAYEN E PASEO DE ALFONSO. EXPTE. 4247/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2.04.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 3.04.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-lo gasto 170.000 euros euros para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso. que se imputarán á partida presupuestaria 4531.611.00.00; "1ª Fase do Plan Movilidade do Casco Vello" do vixente presuposto.

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 24-03-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso..

3º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

12(545).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA FOTOCOPIAS. EXPTE. 2200/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 1.04.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 30.000 euros para a execución da subministración de papel de fotocopiadora e impresora en tamaño A4 e A3. que se imputarán á partida presupuestaria 12162200002 do vixente presuposto.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 22-02-2008 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de papel de fotocopiadora e impresora en tamaño A4 e A3.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

13(546).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE. EXPTE. 4254/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2.04.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 3.04.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-lo gasto 30.000 euros euros para a prestación da asistencia técnica para para a redacción do proxecto de execución da remodelación da rúa Teófilo Llorente. que se imputarán á partida presupuestaria 4531.611.00.00; "1ª Fase do Plan Movilidade do Casco Vello" do vixente presuposto.

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 24-03.2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución da remodelación da rúa Teófilo Llorente.

3º Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

14(547).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN MANDO A DISTANCIA PARA O VEHÍCULO GRÚA MUNICIPAL PO-42154-AX. EXPTE. 5580/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 31.03.08, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-lo gasto 13.800 euros para a execución da subministración da dotación de mando a distancia ao vehículo grúa PO-42154-AX que se imputarán á partida presupuestaria 1212.214.00.02 do vixente presuposto.

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 25-02-

2008 e o prego de prescripción técnicas para a subministración da dotación de mando a distancia ao vehículo grúa PO-42154-AX.

3º Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

15(548).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE INSTALACIÓN LIMPEZA E MANTEMENTO DE CONTEDORES E PAPELERAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18222/240.

Dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 25.03.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur Otto adxudicataria do contrato de concesión administrativa do servizo de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras no termo municipal de Vigo, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, doc. 70134046, solicita a revisión extraordinaria do prezo de dito contrato.

A petición fundamentase na cláusula VI- B) do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, a cal manifesta o seguinte:

" 1.- O contratista terá dereito a revisións extraordinarias do prezo contractual no suposto de que o valor dos elementos instalados coa conformidade do Concello, según os prezos ofertados polo adxudicatario para cada un dos elementos que integran a oferta, supere nun 5%, como mínimo os dos instalados inicialmente, ou que se tiveran en conta para a última revisión ordinaria, no seu caso.

.../

3.- as revisións extraordinarias deberán ser acordadas polo Pleno da Corporación, sempre que exista no orzamento crédito adecuado e suficiente para facer fronte o gasto que as mesmas presenten e non terán carácter retroactivo."

Según manifiesta o adxudicatario, o nº de unidades cas que contaba a contratación a data 30/09/2003, consecuencia da última revisión extraordinaria efectuada o prezo do contrato e o número de unidades cas que conta a data 30 de setembro de 2007, é a seguinte:

<i>Uds a 30/09/2003</i>	<i>Uds a 19/11/2007</i>
<i>c-2400 – 3.222</i>	<i>c-2400 – 3.451</i>
<i>c-1000 - 994</i>	<i>c-1000 - 982</i>
<i>c-800 - 1.167</i>	<i>c-800 - 1.434</i>
<i>c-120/240- 14</i>	<i>c-120/240 - 50</i>
<i>p-25 - 578</i>	<i>p-25 - 578</i>
<i>p-50 - 3.150</i>	<i>p-50 - 3.150</i>
<i>p-80 - 472</i>	<i>p-80 - 472</i>
<i>POSTE - 2.500</i>	<i>POSTE - 2.500</i>

A vista do anterior, calculando o prezo de cada unha das unidades instaladas, e totalizando os importes, vemos que a 30 de setembro de 2003, o importe total das unidades instaladas ascende a 1.982.000,57 euros, e a data de 19 de novembro de 2007, este prezo ascende a 2.128.274,33 euros, polo que o incremento producido de 146.273,76 euros, representa un 7,38% de aumento con respecto a última revisión e procede polo tanto a aprobación da solicitude.

O importe das instalacións a 30 de setembro de 2003, no que se incluían os novos elementos instalados foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de 7 de febreiro de 2005 ascendendo éstas á cantidade de 1.982.000,57 euros, e as instalacións das que se deduce o incremento, conta co conforme do xefe de servizo e co da Concelleira delegada, feitos que implican a necesidade da revisión extraordinaria do prezo contractual, prevista no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación. Non obstante o importe proposto de

146.273,76 euros deberá ser actualizado coa aplicación do incremento do IPC setembro 2006/2007, tal como o prezo principal do contrato, obtendose un prezo revisado de 150.223,15 euros

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral, o seguinte A C O R D O:

Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de instalación limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do Concello de Vigo, adxudicado a empresa UTE Contenur- Otto, por acordo do pleno municipal de 24 de xullo de 2002, por aumento no número de unidades de contenedores instalados por mor de novas necesidades, por un importe de 150.223,15 euros/ano.

O prezo do contrato foi revisado por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2007, fixando este na cantidade 2.384.142,69 euros, polo que coa incorporación das novas instalacións a ser 2.534.365,84 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(549).- ADSCRICIÓN DE LOCAL DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITO NO CALEXÓN DE JOAQUÍN NOGUEIRA ALONSO Ó SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA FINS SOCIO-CULTURAIS. EXPTE. 18305/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 31.03.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Pola concellaría de promoción económica, emprego e participación cidadá, remiten a este servizo de Patrimonio, escrito no que solicitan o uso do baixo de propiedade municipal, situado no calexón Joaquín Nogueira Alonso, para destinalo a fins socio- culturais.

O local solicitado está inscrito no Inventario Municipal no epígrafe I- de bens e deritos e viais públicos-, número de propiedade 000211- “Local comercial en calexón dos caños”-.

A vista de que o local atópase libre de uso, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Poñer a disposición da concellaría de promoción económica, emprego e participación Cidadá, o local de propiedade municipal sito no calexón Joaquín Nogueira Alonso, propiedade nº 000211, adscribindo o seu uso a actividades socioculturales.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(550).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A TECODE GALICIA S.A.L. EXPTE. 2201/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 8.04.08 e de conformidade co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 9.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Tecode Galicia S.A.L. A fianza de 198,04 euros, constituída para responder da substitución de tubería de fibrocemento por fundición no camiño do Viso, xa que as obras foron recibidas mediante

acta de 3.05.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

18(551).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ FRANCISCO PÉREZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1406/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Francisco Pérez Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 21 de outubro de 2006, o vehículo mcon matrícula 1189-CGF, circulando pola avda. do Aeroporto, sufriu danos materiais nunha roda a consecuencia dunha focha que se atopaba na calzada.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Oficina do Inventario municipal de 12.4.2007 no que se indica que a avda. do Aeroporto é de titularidade municipal.*
- Informe do Servizo de vías e obras de 10.5.2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Informe da Policía Local de Vigo de 18.5.2007 de que non teñen constancia dos feitos polos que se reclama.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 28.5.2007 sobre os prezos de reparación da roda danada.*
- Práctica de proba testemuñal o 12.9.2007 ás persoas propostas polo reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 12.9.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

- *Que non sexa producto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, da proba testemuñal practicada resulta acreditado que o vehículo con matrícula 1189-CGF que conducía o reclamante resultou accidentado nunha roda ó pasar por enriba dunha focha na avda. do Aeroporto de Vigo o 21 de outubro de 2006. Os gastos de reparación da roda , que o Parque Móbil estima correctos, o foron por importe de 78 euros.

O vehículo é propiedade de don Manuel Ángel Iglesias Montes, que en escrito asinado de 21 de maio de 2007 declara que don Francisco Pérez Iglesias actúa en todo o procedemento na súa representación, e que é o único responsabel dos feitos, sendo él o que costeou os danos e polo tanto o que debe percibir, se procede, a indemnización.

Terceiro.- Consonte co anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Francisco Pérez Iglesias por danos no vehículo matrícula 1189-CGF ocorridos en data 21 de outubro de 2006 na avda. do Aeroporto de Vigo, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal , e indemnizalo na contía de 78 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(551).- RECLAMACIÓN DE D^a. SONIA SANTOS NÚÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1448/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 26.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Sonia Santos Núñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 13 de febreiro de 2007, no que expón que o día 19 de xaneiro de 2007 caeu na rúa Travesía de Vigo á altura do número 90, por mor dunha lousa levantada e rota, producíndose danos de carácter físico, ademais de perdas económicas por canto ademais do salario fixo que percibe traballa a comisión.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de datas 20.3.2007 e 4.10.2007, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente, indicando que nas datas de inspección a beirarrúa atopábase reparada.*
- *Parte do Servizo da Policía Local de data 19.1.2007, que acudiu ó lugar do accidente a requirimento da reclamante.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.772,32 euros .*
- *Práctica de proba testemuñal con data 4 .7.2007 , á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 11.10.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 19 de xaneiro de 2007 a reclamante recibiu atención médica por mor dunha escordadura do seu nocello dereito a consecuencia dunha caída na rúa Travesía de Vigo, que a Asesoría médica do Concello, á vista da documentación médica achegada valora no seu ditame en 1.772,32 euros.*
- *No lugar onde ocorreu o accidente segundo a proba testemuñal practicada había defectos que ocupaban catro ou cinco lousas, estando as lousas colocadas, e veíase relativamente, e o accidente tivo lugar ó afundirse o seu zapato e caer, tendo caído máis persoas con anterioridade. O Servizo de vías e obras cando acude ó lugar informa que xa se atopa reparado.*
- *A reclamante, traballadora por conta propia, e que segundo a proba testemuñal practicada*

traballaba nun negocio que se atopaba no lugar, estivo de baixa laboral polas lesións físicas padecidas 32 días, percibindo en concepto de prestación económica por incapacidade laboral a cantidade de 33,84 euros diarios, segundo certificado da mutua Fremap, o que fai un total de 1.082,88 euros.

- *Non procede apreciar secuela ningunha, por canto non consta en ningún informe médico e tampouco o seu carácter crónico e grao de afectación á capacidade laboral. Ó contrario, no informe médico de Fremap achegado diagnósticase a escordadura como leve, e á data da alta refire que non hai tumefacción e dor leve ou non dor, e así apréciase tamén no ditame médico solicitado.*

As lesións valóranse en 1.772,32 euros. Non obstante, neste suposto resulta preciso, de conformidade coas últimas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta a cantidade de 1.082,88 euros percibida en concepto de incapacidade laboral durante ese período, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada, o que daría un total de 689,44 euros.

Terceiro.- A reclamante afirma así mesmo que durante o período de baixa laboral tivo perdas económicas por canto unha parte do seu traballo o realiza a comisión. A xurisprudencia ten dito respecto á acreditación da realidade do dano polo que se reclama, que por dano efectivo (artigo 139.2 da Lei 30/1992) hai que entender o dano certo, xa producido, non simplemente posíbel ou continxente, o que non exclúe que teña que indemnizarse tamén o dano que haberá de ocorrer no porvir pero cuxa produción sexa indubidábel e necesaria pola anticipada certeza do seu acaecemento no tempo (Sentenza Tribunal Supremo 02/01/1990), así como que os danos teñen que ser reais e efectivos e ten que acreditarse a súa existencia (STS 15/07/2002), polo que se terá que denegar a responsabilidade se non se probou o dano (STS 26/02/2002). A acreditación dos danos correspóndelle ó reclamante, conforme as regras xerais do artigo 1214 do Código Civil, e ademais a imposibilidade do exercicio da profesión habitual ou o peche dun negocio implica unha valoración do lucro cesante, a proba do que se esixe aínda cun maior rigor.

E neste suposto, nin destes danos nin da precisa relación de causalidade que esixe o enlace do dano padecido co funcionamento dun servizo público, apórtase ningunha proba cando, como xa se dixo no fundamento xurídico terceiro parágrafo primeiro desta resolución, a regra xeral acollida tanto na lexislación que se cita como en sede doutrinal e xurisprudencial (Consejo de Estado 678/2002, Consello Consultivo de Galicia 2/2005, STS 30/10/1999) é que a carga da proba correspóndelle ó accionante, e tratándose da propia declaración da vítima do dano a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista de eficacia probatoria.

Cuarto.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, a testemuña dos feitos, comerciante no lugar, e que coñecía á reclamante por canto tamén traballaba na zona aínda que non tiña relación con ela, fala de que se ben o desperfecto ocupaba varias lousas, éstas estaban colocadas, tendo caído bastante máis xente no lugar, así como que o accidente ocorreu ó

afundírselle un zapato nunha lousa.

Cuarto.- Consonte co todo o anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, aínda que ésta en parte polo xa razoado, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, indemnizando á reclamante coa cantidade de 689,44 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Sonia Santos Núñez por unha caída ocorrida o día 19 de xaneiro de 2007 á altura do núm. 90 da rúa Travesía de Vigo, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal , indemnizándoa na contía de 689,44 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(552).- RECLAMACIÓN DE D^a. DIVINA SAMPEDRO BUGARÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1401/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 3.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior , que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Divina Sampedro Bugarín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 17 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 15 de xaneiro de 2007 resbalou na rúa Hernán Cortés, causándose lesións físicas.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites.:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 7.7.2007, indicando que á data da inspección, as obras de humanización da rúa que realizaba a empresa Sercoysa tiñan finalizado, así como que as obras tiñan vallas.*
- Informe da Policía Local, de data 12 de setembro de 2007, manifestando non teren constancia dos feitos polos que se reclama.*
- Ditames da asesoría médica do Concello de datas 30.10.2007 e 23.11.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Sercoysa Protectos y Obras S.A. que fai alegacións en data 18.1.2008.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en data 24.3.2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan os seguintes feitos:

- *Dona Divina Sampedro Bugarín recibiu asistencia médica no servizo de urxencias do Sergas en data 15.1.2007, data na que di que caeu na rúa Hernán Cortés, onde se lle diagnostica arrancamento oseu cabeza humeral. Non consta que a reclamante sexa traballadora e por estes feitos tivera baixa laboral.*
- *No expediente hai informe do Servizo de vías e obras de data 6 de setembro de 2007 que di que a zona onde a reclamante di que caeu se atopaba en obras de humanización que eran visíbeis e que se atopaba protexida por vallas indicando non teren coñecemento dos feitos. A empresa Sercoysa, responsable das obras, di que tampouco tiña coñecemento dos feitos, e consonte co informado, que as obras se atopaban perfectamente balizadas e acotadas dispoñéndose de pasos alternativos para peóns e accesos a vivendas.*
- *Segundo a reclamante o accidente tivo lugar o día 15.1.2007 na zona de obras de Hernán Cortés ó evitar a un vehículo e a un tractor da obra. Non obstante, no expediente non hai testemuñas presenciais do accidente, e a Policía Local informou que tampouco ten constancia deles.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, de que o accidente ocorreu no día, lugar e nas circunstancias que o reclamante indica, isto é a consecuencia de defectos na rúa, neste caso obras non sinalizadas, e non por calquera outra causa, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e na asistencia médica en urxencias refírese a unha caída na rúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha

mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Non obstante do exáme do expediente resulta que non había defectos ocultos na beirarrúa, por canto ésta se atopaba en obras e correctamente sinalizada e obras que tiñan unha dimensión que permitían dita percepción e que polo tanto compelían a camiñar polos pasos habilitados ó efecto e con precaución, polo que consecuentemente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 380/2006), tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procedería tampouco estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade na rúa, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

En todo caso, o resultar no expediente que as obras de humanización as levaba a cabo un terceiro contratado ó efecto, a empresa Sercoysa Proyectos y Obras, S.A., caso de terse apreciado o nexo causal entre a lesión e o funcionamento dun servizo público, resultaría de aplicación o disposto no art. 97 do Texto refundido da Lei de contratos do Estado de 16 de xuño de 2000, que establece a obriga do contratista de indemnizar todos os danos e perxuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, salvo que se teñan ocasionado como consecuencia directa dunha orde da Administración.

Cuarto.- Polo tanto, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Divina Sampedro Bugarín por unha caída ocorrida o día 15 de xaneiro de 2007 na rúa Hernán Cortés, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(553.- RECLAMACIÓN DE D^a. EVA MARÍA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1355/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 3.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Eva María González Fernández, en representación de don Ramón Omar Valdovino, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de decembro de 2006, no que expón que o día 23 de novembro do mesmo ano circulando co vehículo matrícula 1669-DMG pola avenida da Zona Franca tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se atopaba levantada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 15.1.2007, sobre o lugar onde ocorreu o accidente, indicando que a tapa á que se refire o expediente pertence á rede de saneamento.*

- *Informe da oficina do Inventario municipal, de data 27.8.2007, sobre a titularidade municipal da rúa onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 27.9.2007, sobre os prezos contidos nas facturas presentadas pola reclamante.*
- *Informe da Policía local consonte non teren constancia dos feitos polos que se reclama.*
- *Práctica de proba testemuñal á persoa proposta pola reclamante, en data 20 de decembro de 2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 4.3.2008.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que fai alegacións en data 11.2.2008..*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No expediente, de conformidade coa proba testemuñal practicada e resto de documental que hai no expediente, resulta acreditado que o día 23 de novembro de 2006 circulando dona Eva María González no vehículo con matrícula 1669-DMG, nun día con forte chuvia sen que resulte acreditada forza maior, éste sufriu danos nunha roda e disco de aluminio ó pasar por enriba dunha tapa de sumidoiro que se atopaba levantada. Os danos, segundo facturas achegadas, foron reparados por importe de 198.14 euros, e aboado o seu importe pola reclamante.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de expropiación forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a que resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- De conformidade coa fundamentación anterior, neste suposto resulta acreditado un dano, e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público, o de saneamento e abastecemento de augas municipais, polo que procede estimar a reclamación presentada, correspondendo responder dela á concesionaria de dito servizo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Eva Maria González Fernández.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 198,14 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(554).- RECLAMACIÓN XUROS DE MORA DE D. JUAN CARLOS DOMÍNGUEZ ALVAREZ DA INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1645/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 26.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Don Juan Carlos Domínguez Álvarez presenta escrito en data 13 de xuño de 2007 solicitando a liquidación de xuros de demora da indemnización de danos de 1.308,42 euros, recoñecida na resolución da Xunta de Goberno

Local de data 3 de xullo de 2006, recaída no expediente de responsabilidade patrimonial núm. 335/243.

O art. 141.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que nos expedientes de responsabilidade patrimonial a indemnización calcularase con referencia ó día na que a lesión efectivamente se produxo, sen prexuízo da súa actualización á data na que se poña fin ó procedemento de responsabilidade de acordo co índice de prezos ó consumo, fixado polo Instituto nacional de Estadística, e dos xuros que procedan por demora no pagamento da indemnización fixada, os que esixiranse de acordo ó establecido na Lei xeral presupuestaria. Procede polo tanto acceder á solicitude presentada.

Hai no expediente informe da técnica de Administración especial da Unidade de Patrimonio que establece que a cantidade resultante a aboar por xuros de demora a cargo de Cespa é de 97,04 euros, e a cargo do Concello de Vigo á data 30 de xaneiro de 2008 é de 92,96 euros, cantidade que se debe de incrementar no que resulte á data na que se efectúe o pagamento.

Consta no expediente que con data 24 de marzo de 2008 Cespa abonoulle ó reclamante a cantidade de xuros legais que lle correspondía.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a solicitude de don Juan Carlos Domínguez Álvarez de xuros legais pola indemnización recoñecida no expediente de responsabilidade patrimonial núm. 335/243 e aboarlle 92,96 euros así como os xuros correspondentes dende o 30 de xaneiro de 2008 ata á data efectiva do pagamento”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(555).- RECLAMACIÓN DE D. MARÍA DEL PILAR CONS NEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1413/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Maria del Pilar Cons Neira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 27 de novembro de 2006, mentres camiñaba pola parte superior das escaleiras que comunican a rúa Urzaiz coa estación de ferrocarril, patinou e caeu ó chan por mor do resbaladizo do chan, caendo ó charco alí existente, o que lle produxo lesións de carácter físico así como danos materiais nun reloxo que levaba posto.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 7 de febreiro de 2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Práctica de proba testemuñal a persoa proposta pola reclamante en data 16 de marzo de 2007.*
- *Ditames de data 26 de xuño de 2007 e 23 de novembro de 2007, para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello.*
- *Evacuouse trámite de audiencia á reclamante que fai alegacións en data 13 de marzo de 2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar, resulta preciso, consonte co anterior exposto, constatar a existencia dun dano avaliábel economicamente.

A reclamante no seu escrito de 20.12.2007 valora as lesións corporais polas que reclama en base a súa baixa laboral en 18.451,29 euros, tomando como data de alta laboral a da súa alta médica de 12.12.2007, e estimando que ténselle que recoñecer 3 puntos por secuelas estéticas.

De conformidade coa documentación médica que hai no expediente conséntase que a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias do Hospital Domínguez de Pontevedra en data 27 de novembro de 2006, onde se lle diagnostica unha fractura no seu cóbado esquerdo. A consecuencia desta lesión estivo de baixa laboral dende esa data, permanecendo cun xeso inmovilizador ata o 9.1.2007, data no que se lle retira para iniciar tratamento rehabilitador. Aínda que non consta parte médico de alta laboral de incapacidade laboral por continxencias comuns, a reclamante achegou en trámite de audiencia informe de alta médica en data 10.12.2007 referente a melloría en lesións en ombro e pulso esquerdo, sen secuelas funcionais. Hai tamén no expediente informe médico de 12.6.2007 que correspondería ó parte de baixa laboral núm. 29 no que o médico informa “que se le ha retirado el material de osteosíntesis y la recuperación funcional es buena y sin alteración funcional limitante del codo”. Reseñar que a atención médica prestada ata a data da alta médica refírese a ombro e pulso doloroso.

Ós efectos de valorar o dano corporal solicitouse informe ó respecto á Asesoría médica do Concello, aínda que consonte co disposto no art. 83.1. da Lei 30/1992, do 26 de novembro non resulta vinculante para o órgano decisor, se ben a súa aceptación serve de motivación á resolución que se adopte cando se incorporen ó seu texto, de conformidade co art. 89.5 do mesmo texto legal. No ditame médico emitido o 23 de novembro de 2007, tras examinar a documentación achegada, o médico informante di: Revisando la documentación médica aportada, existe un informe del 12/6/2007 que correspondería al Parte de baja nº 29 en el que el Dr. Cota informa “que se le ha retirado el material de osteosíntesis y la recuperación funcional es buena y sin alteración funcional limitante del codo”, e En mi opinión la fecha del alta y estabilización sería la del 12/6/2007.

Á vista da documentación médica achegada, estímase polo tanto que a consecuencia da fractura do seu cóbado a reclamante estivo de baixa hospitalaria 5 días, de baixa impeditiva polo tempo que portou o xeso 39 días, e o resto de días ata o 12.6.2007, día en que segundo informe médico téndoselle retirado o material de osteosíntese a recuperación funcional do cóbado era boa e sen limitación funcional ningunha, considéranse como de incapacidade non impeditiva. Non procede apreciar secuela ningunha, por canto non consta nun informe médico o seu carácter crónico, e principalmente porque non se concreta o grao de afectación para o desempeño da súa actividade laboral delas (STS 11.5.1992, ditame Consello consultivo de Galicia 7/2007),

É doutrina recollida na xurisprudencia o principio de reparación integral do dano, o que significa que o procedemento de responsabilidade patrimonial ten como fundamento que o patrimonio do particular lesionado resulte inalterado, polo que a indemnización tense que corresponder co perxuízo causado ó particular polo sacrificio dos seus bens e dereitos, pero sen que poida convertirse nun motivo de lucro (STS 18.7.1989). Tamén que este principio abrangue os danos alegados e probados polo perxudicado, o que supón a inclusión do concepto de lucro cesante.

Conforme ó anterior, indicar que neste suposto sería preciso, caso de recoñecer responsabilidade da Administración nos feitos, e consonte coas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante o periodo de baixa laboral pola lesión de cóbado padecida, co obxecto de minorar a indemnización á que se tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada. E tamén sería preciso ter en consideración a certificación da empresa onde a reclamante traballa, das cantidades deixadas de percibir en concepto de “Retribución complementaria por resultados parte variable” a consecuencia da súa baixa laboral.

Reclámase tamén o arranxo dun reloxo marca Rolex por importe de 643,00 euros, achegando a estes efectos un presuposto de data 25.1.2007 e unhas fotografías, o que proba que a reclamante ten un reloxo deteriorado, pero non que se deteriorou no lugar e circunstancias que ela indica, e a única testemuña dos feitos presentada, que ademais é irmá da reclamante, tamén descoñecía ese dato.

Terceiro.-Constátase polo tanto a existencia dun dano avaliabel economicamente. É preciso polo tanto verificar a existencia dun nexo causal directo e inmediato entre o dito dano e a actuación administrativa que, en canto factor eficiente, ten que situarse directamente na orixe do dano polo que se reclama.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido

A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente resulta que:

- De conformidade co informe do Servizo de vías e obras que hai no expediente de data 7.2.2007. resulta que no lugar onde a reclamante di que caeu non hai desfecto ningún, se ben a falta dun sumidoiro no primeiro tramo fai que se embalse auga nel.
- A única proba que a reclamante presenta respecto de cómo tivo lugar a caída,

determinante da causa desta e da súa vinculación ó funcionamento dun servizo público, é a proba testemuñal da súa irmá, que segundo di a acompañaba. E na proba testemuñal ésta manifesta que era un día con chuvia e había unha visibilidade normal, que non viu defecto ningún no lugar senón que o chan estaba mollado e había un gran charco, e, o que é substancial neste caso, que o feito causante da caída foi que patinou por canto estaba o chan mollado.

Polo tanto, no lugar non había desperfecto ningún, e se ben había un charco, consecuencia da chuvia caída e de que nese tramo non hai sumidoiro, éste podía verse, e en todo caso a caída non tivo a súa causa nel, senón en que a reclamante resbalou por canto estaba o chan mollado a consecuencia da chuvia caída, feito que evidentemente soamente cabe incardinar na propia esfera de imputabilidade da vítima, descoñecéndose ademais outros datos como podería ser se levaba a estes efectos o calzado adecuado para un día de chuvia. A propia reclamante no seu escrito de solicitude obvia o dato de que ese día chovía e manifesta que debido ó resbaladizo do chan patinou e caeu no charco existente, aínda que residencia a causa da auga que había no chan no charco, como se non chovera.

Consecuentemente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia exposta, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demóstrase a causa da caída en que resbalou no chan que se atopaba mollado a consecuencia da chuvia que había nese día, e aínda que no lugar houbera un charco, circunstancias ambas que eran visíbeis e que polo tanto terían que compelerlle como viandante a unha maior precaución no seu propio deambular, resultando así precisa a concorrancia dun despide ou distracción ou calquera outra circunstancia na reclamante para que o accidente tivera lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Maria del Pilar Cons Neira , por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por unha caída ocorrida o 27 de novembro de 2006 nas escaleiras que comunican a rúa urzaiz coa estación de ferrocarril, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(556).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA TERESA ALLEGUE ABELEDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 310/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Maria Teresa Allegue Abeledo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 1 de setembro de 2004, no que expón que, o día 29 de xaneiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Torrecedeira na súa confluencia coa praza de Juan XXIII, sufriu unha caída por mor de que se atopaba solta ou indebidamente cementada unha lousa da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do Servizo de vías e obras, de datas 25.10.2004, 3.2.2005 , sobre o estado do lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente.*
- *Informe do Servizo da Policía Local de data 22.12.2004 consonte non teñen constancia dos feitos polos que se reclama.*
- *Práctica de proba testemuñal en data 4.5.2005 á unha filla da reclamante que a acompañaba.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello de data 23.6.2005.*
- *Parte de inspección da Oficina superior de proxectos e inspección técnica de obra do Concello, de data 20.11.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante , que fai alegacións o 17.1.2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen

reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta que:

- O día 29.1.2004, a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de Urgencias médicas do Sergas por unha escordadura do seu nocello dereito que o ditame médico solicitado ó efecto á vista da documentación achegada en 3.541,92 euros. Respecto á valoración, indicar que non procede ningún factor de corrección por idade laboral, por canto non consta que a reclamante traballe, así como tampouco cabe apreciar secuelas por canto non consta ningunha con precisión nun informe médico e tampouco o grao de afectación por elas, no seu caso, á capacidade laboral da reclamante (ditame C.Consultivo de Galicia de 7/2007).
- A única testemuña proposta é a filla da reclamante, por canto se ben se cita que había operarios asfaltando a calzada, estes non se identifican á efectos da debida citación, o que lle correspondería á propia reclamante. A reclamante afirma que o feito causante da caída o foi unha lousa que se atopaba solta e indebidamente cementada na beirarrúa, e a súa filla na proba practicada que o o foi unha lousa na beirarrúa que se atopaba mal posicionada e mal posta.
- No expediente hai fotos achegadas pola reclamante, e solicitáronse informes ós servizos correspondentes sobre o estado do lugar onde se di que tivo lugar a caída, emitíndose dous polo Servizo de Vías e Obras de datas 25.10.2004 e 3.2.2005, o último deles á vista das fotografías achegadas e tras unha inspección ó lugar, e no que se di a zona atópase en perfecto estado non existindo sinais de reparacións recentes. A Oficina Superior de proxectos e inspección técnica de obra (OSPPIO) informou así mesmo que non se localizou ningunha lousa basculante nin solta nas inmediacións da zona onde se di que ocorreu o accidente, e que tampouco consta ningunha reparación nesa zona con posterioridade ó mesmo.

Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Isto significa que ten que quedar indubidabelmente probada a causa determinante dos danos que reclaman para que sexa posíbel imputalos ó funcionamento dun servizo público.

Consonte co anterior, os informes dos Servizos correspondentes do Concello citados, Servizo de vías e obras e OSPPIO, e que de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serven de motivación a esta resolución, negan que existira ningunha lousa mal posicionada ou basculante na zona, non observándose tampouco nas fotografías achegadas, e así mesmo que se efectuara reparación algunha nela, da que eles serían coñecedores por razón da súa competencia.

Polo tanto resulta, á vista do anterior, que non queda indubidabelmente probada a causa da lesión da que foi atendida a reclamante no funcionamento dun servizo público municipal, por canto a declaración da súa filla como unica proba que presenta e en contradición cos informes mencionados, non pode considerarse obxectiva e imparcial dada a relación de parentesco que lle une coa solicitante (en suposto similar ditame C.Consultivo de Galicia 110/2005) carecendo de calquera outra proba e tampouco informe da Policía local.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Maria Teresa Allegue Abeledo por unha caída ocorrida o día 29 de xaneiro de 2004 na rúa Torrecedeira na súa confluencia coa praza de Juan XXIII, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(557).- RECLAMACIÓN DE D^a. CONSUELO MARTÍNEZ NÚÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1398/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Consuelo Martínez Núñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 15 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 12 de xaneiro do mesmo ano, camiñando pola travesía de Vigo e rúa Asturias tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 15.2.2007 e 8.10.2007 sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando o último deles, que no lugar dos feitos hai 4 m cuadrados de lousas soltas, aparentemente en bó estado, e ó pisalas móvense o que pode provocar accidentes.*
- *Informe do servizo da Policía Local de data 22.2.2007, no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Práctica de proba testemuñal con data 4.5.2007, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 271,20 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en datas 12.9.2007 e 11.10.2007, que fai alegacións o 20.9.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

- *Que non sexa producto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 13 de xaneiro de 2007 a reclamante recibiu atención médica, segundo o parte do servizo de Urgencias do Sergas por mor de diversos traumatismos que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 271,20 euros. No lugar onde ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, a baldosa causante del nun dos seus laterais atópase uns 3 ou 4 mm máis alta que a seguinte, o que é difícil de advertir visualmente se non se fixa a tat ención no punto concreto.*
- *Se ben a asistencia médica o foi un día posterior ós feitos, de conformidade coa proba testemuñal practicada a reclamante caeu a consecuencia de defectos que había na beirarrúa provocándose as lesións das que foi asistida.*
- *O informe do Servizo de vías e obras de data 8 de outubro de 2007 sinala que no lugar hai 4 m cuadrados de lousas soltas, que aparentemente se atopan en boas condicións pero que ó pisalas móvense, o que podería producir accidentes.*

Cuarto.- Consonte co anterior, tratándose de defectos na beirarrúa non aparentes e tendo en conta a idade da solicitante, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Consuelo Martínez Núñez por unha caída ocorrida o día 12 de xaneiro de 2007 na Travesía de Vigo- rúa Asturias,, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal , e indemnizala na contía de 271,20 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(558).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO Ó FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 18123/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.04.08 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 17.03.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 12.092 € (DOCE MIL NOVENTA E DOUS EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
González Gallego, Mercedes	35.997.963	8329	126,00
González Garrido, Antonio	35.554.853	14150	1.018,00
Mariño Villanueva, Julia	36.045.806	22361	3.080,00
Rodríguez Rey, Enrique	36.000.962	8332	7.818,00
Vázquez Pazó, Modesto	36.063.855	77034	50,00
SUMA TOTAL			12.092,00

27(559).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 31.03.08 DE AUTORIZACIÓN DUN PERMISO NON RETRIBUIDO POR CAUS AXUSTIFICADA A D^a. DOLORES CAPELO GONZÁLEZ. EXPTE. 18137/220.

Dáse conta do informe da xefa da Unidade de Persoal, do 31.03.08, que di o seguinte:

Con data 27 de marzo de 2007, D^a M^a Dolores Capelo González, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, solicita un permiso non retribuído por causa xustificada de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador, no período comprendido entre o 7 de abril ó 6 de maio de 2008.

A interesada achega informe do xefe do servizo manifestando que non existe inconveniente en acceder á solicitude, contando co conforme da concelleira-delegada da área de Economía e Facenda.

O art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello establece que por causa xustificada e sempre que o permitan as necesidades do servizo o interesado terá dereito a 3 meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días, non disfrutando a interesada ningún permiso deste tipo con anterioridade.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a. M^a Dolores Capelo González, con nº persoal 21781, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, un permiso non retribuído por causa xustificada de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador, no período comprendido entre o 7 de abril ó 6 de maio de 2008.

Durante a súa duración permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de

antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(560).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 31.03.08 DE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO COA REDUCCIÓN DO 50% DA XORNADA LABORAL A D. JOSÉ LUIS GALLEGO PARAMOS. EXPTE. 18138/220.

Dáse conta do informe da xefa da Unidade de Persoal, do 31.03.08, que di o seguinte:

Con data 17 de marzo de 2007, D. José Luis Gallego Paramos, arquitecto-técnico aparelador, adscrito a Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (mai), atendendo o previsto na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia.

O art. 70.l) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o persoal funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo a extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses.

O interesado aporta informe clínico do estado da súa nai así copia dos certificados de empadramento.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D. José Luis Gallego Paramos, nº de persoal 50110, arquitecto-técnico aparelador, adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo, un permiso retribuído coa redución do 50% da xornada laboral, por un prazo máximo de un mes, de conformidade co previsto no art. 70.l) da Lei 13/2007.

O presente permiso iniciarase o 1 de abril e finalizará o 20 de abril de 2008.”

Coa mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

29(561).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 7.04.08 DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A Dª. BELÉN ALVAREZ SOAJE. EXPTE. 18149/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 7.04.08, que di o seguinte:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan pola Concelleira-delegada da Área de Patrimonio Histórico en escrito de data 03/03/2008, motivada na situación de baixa maternal da Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, Dª María Gómez Janeiro, estímase oportuno que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable do dito servizo,

sendo proposta no escrito referenciado a funcionaria D^a Belén Álvarez Soaje, técnica de xestión adscrita ao Servizo de Patrimonio Histórico.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria D^a Belén Álvarez Soaje, con nº de persoal 76.506, funcións de responsable do Servizo de Patrimonio Histórico, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita (técnica de xestión).

Segundo.- A dita encomenda terá validez dende a data do presente decreto e ata a reincorporación efectiva da Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, D^a María Gómez Janeiro.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

30(562).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 2.04.08 DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. JESÚS LÓPEZ MOURE. EXPTE. 18155/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 2.04.08, que di o seguinte:

En Decreto de data 04/03/2008 acordouse encomendar a tramitación do Festival de Jazz de Vigo “Imaxinasons” ao funcionario D. Jesús López Moure, con nº de persoal 77.210, técnico medio de actividades culturais e educativas adscrito na actualidade á Área de Servizos, establecéndose que a dita encomenda non devengará complemento retributivo algún por tratarse de tarefas propias da praza e posto aos que está adscrito o funcionario sinalado.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, e visto o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

modificada pola Lei 4/1999, en canto á rectificación dos actos administrativos,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a tramitación do Festival de Jazz de Vigo “Imaxinasons” ao funcionario D. Jesús López Moure, con nº de persoal 77.210, técnico medio de actividades culturais e educativas adscrito na actualidade á Área de Servizos Xerais.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal (Organización e Métodos) así como ao Comité de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

31(563).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PROVISIONALMENTE-ORGANO DE SELECCIÓN E DATA 1ª EXERCIZO PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DUN TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 17885/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.04.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de decembro de 2007 adoptou acordo aprobando as bases para a contratación con carácter interino dun/dunha técnico de administración xeral para o Servizo de Medio Ambiente, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 20 de febreiro de 2008, abríndose o prazo de presentación de solicitudes o cal finalizou o 3 de marzo pasado.

En ditas bases establececese a publicidade da lista de admitidos e excluídos, membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, por isto PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo no uso das competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril:

Primeiro.- Decláranse admitidos/as provisionalmente todos os aspirantes que presentaron solicitude para participar nas probas selectivas para a contratación con carácter interino dun/dunha técnico de administración xeral para o Servizo de Medio Ambiente, agás os que a continuación expresamente se exclúen polos seguintes motivos que en cada caso se indican co cardinal correspondente e que poderan ser subsanados nos termos do disposto no apartado terceiro do presente acordo:

APELIDOS E NOME	DNI	
AGRAFOJO DE SANTIAGO, LAURA	35.566.827-H	2-4
ARAGUNDE ARPPE, DAVID	36.173.853-M	2-4-5
ARIAS VAZQUEZ, JORGE	44.463.504-L	4
BLANCO RODRIGUEZ, MARIA	36.167.425-V	4
CASAS VÁZQUEZ, XACOBÉ	35.322.748-S	2-4-5
CASTRO LÓPEZ, LUCÍA MARÍA	44.828.478-Y	4-5
FERNANDEZ ESTÉVEZ, SEBASTIÁN	36.071.284-Q	1-2-3-4-5
GOMEZ PACHECO, VANESA	53.184.073-T	2-4
GONZÁLEZ PÉREZ, MONTSERRAT	76.826.613-N	4
HERMIDA-CACHALVITE VÁZQUEZ, RAMÓN ALBERTO	53.171.277-S	4
LAFUENTE CADILLO, IRENE	36.156.229-E	4
MARIÑO REGUEIRO, MARTA	36.098.599-F	4
MARTIN GAY, ENRIQUE DAVID	53.177.157-F	ADMITIDO
MARTINEZ CHAVES, ANDREA	76.996.069-G	ADMITIDA
RIVERO OBREGON, ROSA	38.556.877-E	4-6
RODRÍGUEZ PADRÓN, NANCY COROMOTO	79.081.072-B	7
RODRIGUEZ PEREZ, VICTOR	36.133.343-K	2
ROMAN CELADA, OLGA	36.133.254-R	2-4
SANCHEZ CASTELO, PATRICIA	44.827.350-M	2
SERRANO GARCÍA, CELIA	35.321.793-A	ADMITIDA
VAQUERO PINTO, PABLO	50.869.728-F	ADMITIDO
YAÑEZ CRIBEIRO, MARTA	44.808.267-N	2-4

- 1 e 3: Non aportar copia compulsada do DNI ou pasaporte.
2: Non aportar certificado médico oficial e coa data actual.
4: Non aportar declaración xurada exixida no apartado d) da base I Condicións dos aspirantes e acreditación documental.
5: Non aportar a titulación.
6: Non aportar a documentación debidamente compulsada.
7: Non reunir a titulación exixida para a praza Licenciado en Dereito.

Segundo.- O órgano de selección estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta.- Titular: D^a M^a Dolores Espiño Collazo, xefa de Área de Réxime Interior do Concello de Vigo.
Suplente: D. Xesús Costas Abreu, xefe servizo contencioso do Concello de Vigo.
- Secretaria.- Titular: D^a María Dapena Gómez, xefa da Unidade de Persoal do Concello de Vigo.
Suplente: D^a Susana García Alvarez, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.
- Vogais.- Titular: D. José Ramón Rodríguez del Valle, xefe Servizo Préstacións da Consellería de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
Suplente: D. Miguel Lago Molares, xefe Servizo de Persoas Maiores, Discapacitados e Menores da Consellería de Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.
Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, técnico de administración xeral do Concello de Vigo.
Suplente: D^a M^a José Valenzuela Rodríguez, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.
Titular: D^a Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.
Suplente: D. Secundino Otero Failde, técnico de administración xeral do Concello de Vigo.

Terceiro.- De conformidade co previsto nas bases da convocatoria contra a exclusión na lista de admitidos e

recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación deste acordo contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Cuarto.- O primeiro exercicio terá lugar o lúns día 28 de abril de 2008, ás 9,00 horas, na planta 11 da Casa do Concello.

As probas efectuaranse en chamamento único ó que deberán comparecer os/as aspirantes co seu DNI e bolígrafo.

En canto á abstención e recusación dos membros do tribunal, rexerán os arts. 28 e 19 da Lei de procedemento administrativo, 30/1992, do 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(564).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO TSXG Nº 547/2007 SOBRE A PRAZA DE TÉCNICO MEDIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. EXPTE. 18156/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 10.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30 de maio do 2007 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de apelación nº 166/2007, interposto por D^a Aránzazu González Soengas e polo Concello de Vigo contra a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de 11 de decembro do 2006, na cal literalmente se fallou:

“Estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Isabel Cabeza Pereiro contra el Ayuntamiento de Vigo, seguido como p.o.42/04 ante este Juzgado contra la resolución arriba indicada, debiendo adjudicarse la plaza convocada a la recurrente, a la que asimismo el Ayuntamiento de Vigo habrá de indemnizar en los perjuicios provocados por su resolución, a determinar en ejecución de sentencia, desde la fecha en que se le debió dar posesión de la plaza y hasta su toma de posesión de la misma, debiendo destituir a la aspirante que se le adjudicó esa plaza, María Aránzazu González Soengas.”

2.- Tras varios requerimentos xudiciais de execución da sentenza e diversas incidencias relacionadas co recurso de amparo presentado por D^a María Aránzazu González Soengas perante o Tribunal Constitucional, en Auto de data 14 de febreiro do 2008 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ordena proceder á execución da sentenza no prazo de 2 meses, debendo o Concello de Vigo acreditar a mesma.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos. A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración

requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En canto á obriga de indemnización dos prexuízos causados á recorrente, por esta Unidade de Persoal enténdese que deberá ser obxecto da correspondente cuantificación e determinación perante o órgano xurisdiccional competente en execución de sentenza, como sinala a propia resolución xudicial no fallo transcrito nos antecedentes.

IV. Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, parece claro que, tendo por obxecto o fallo da sentenza o cesamento dunha funcionaria e o nomeamento sucesivo de outra persoa como funcionaria de carreira, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de 11 de decembro do 2006 (procedemento ordinario 42/04, interposto por Dª Isabel Cabeza Pereiro) na cal literalmente se fallou: "Estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Isabel Cabeza Pereiro contra el Ayuntamiento de Vigo, seguido como p.o.42/04 ante este Juzgado contra la resolución arriba indicada, debiendo adjudicarse la plaza convocada a la recurrente, a la que asimismo el Ayuntamiento de Vigo habrá de indemnizar en los perjuicios provocados por su resolución, a determinar en ejecución de sentencia, desde la fecha en que se le debió dar posesión de la plaza y hasta su toma de posesión de la misma, debiendo destituir a la aspirante que se le adjudicó esa plaza, María Aránzazu González Soengas".

SEGUNDO.- En consecuencia, acordar o cese da funcionaria Dª María Aránzazu González Soengas, con DNI 52.481.598-Z e nº de persoal 79.388, na súa condición de funcionaria de carreira do Concello de Vigo con praza de técnica media de Prevención de Riscos Laborais, tendo efectos económicos e administrativos da data de adopción do presente acordo, luns día 14 de abril do 2008.

TERCEIRO.- Acordar o nomeamento de Dª Isabel Cabeza Pereiro como funcionaria de carreira do Concello de Vigo con cargo a unha praza de técnica media de Prevención de Riscos Laborais, con efectos económicos e administrativos do día martes 15 de abril do 2008, da cal deberá tomar posesión na forma legalmente prevista, establecendo a obriga de aportación na Unidade de Persoal da documentación acreditativa dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que permitan o seu correcto nomeamento.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, notificando asemade o mesmo á funcionaria cesada, á recorrente, Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal (Organización e Métodos) e Comité de Persoal aos efectos que procedan."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(565).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ORECO S.A. POR OBRAS NA RÚA MARÍA BERDIALES, 31. EXPTE. 55128/250, 55127/250.

Dáse conta dos informes do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 1.04.08, conformados pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que din o seguinte:

a) *Con data de entrada no Rexistro Xeral de 26 de febreiro de 2008 e número de documento 80024832, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por ORECO, S.A. (CIF: A-36614691) con data 15/09/2003 e número de operación 200300043240, por importe de 1.200,00 €, para responder dos posibles danos na vía pública, custodia e posterior colocación dos bolardos ó remate da obra na R/ María Berdiales, 31(Licenza 44157/421.02) con expediente 38860/250.*

No informe de inspección de data 18 de marzo de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións e os bolardos repostos.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 1.200,00 € (mil douscentos euros), a favor de ORECO, S.A.

b) *Con data de entrada no Rexistro Xeral de 26 de febreiro de 2008 e número de documento 80024834, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por ORECO, S.A. (CIF: A-36614691) con data 30/03/2004 e número de operación 200400015968, por importe de 30.000,00 €, motivado polo permiso de circulación á r/ María Berdiales, 31.*

No informe de inspección de data 18 de marzo de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 30.000,00 € (trinta mil euros), a favor de ORECO, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba as propostas contidas nos precedentes informes.

34(566).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE BALAÍDOS- FASE I, RÚA EUGENIO KRAFF. EXPTE. 54488/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 11.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de humanización do entorno de Balaídos. Fase 1 (Rúa Eugenio Kraff) redactado por TICCO ingeniería, S.l.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe total máximo de 206.773,20 € IVE incluído con cargo a partida presupostaria 5110.611.0007

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

35(567).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA- FASE I. EXPTE. 54687/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 10.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 15.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de humanización da Rúa Sanjurjo Badía. Fase I redactado por TICCO, Ingeniería, S.L.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total máximo de 1.360.000,00 €, IVE incluído e con cargo a partida presupostaria 5110.6110.0009

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

36(568).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZAICÓN DO BARRIO DE BOUZAS, FASE I (ALAMEDA SUÁREZ LLANOS). EXPTE. 54499/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 14.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de humanización do Barrio de Bouzas. Fase I (Alameda Suárez Llanos) redactado por Galaicontrol, Ingeniería de Calidades.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total

máximo de 545.360,00€, IVE incluído e con cargo a partida presupostaria 5110.611.0016 do presuposto de Vías e Obras.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

37(569).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA GALESCOLA DA RÚA PALENCIA INTEGRADA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS (GALESCOLAS). EXPTE. 28478/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.04.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar para a xestión da Galescola da rúa Palencia integrada na rede Galega de escolas infantís (Galescolas).

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA GALESCOLA DA RÚA PALENCIA INTEGRADA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS (GALESCOLAS).

REUNIDOS

Dunha parte, D. Anxo Manuel Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006.

E doutra, Dª María Xosé Méndez Piñeiro, actuando en representación do Concello de Vigo na súa condición de Concelleira Delegada de Benestar Social, en virtude de decreto de 5 de xullo de 2007 e segundo o disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61.3 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOGA do 7 de

xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen.

E neste sentido de acordo co artigo 7 dos citados estatutos ao Consorcio correspóndelle a prestación daqueles servizos que resulten necesarios para acadar os fins do mesmo sempre que os entes consorciados o acorden expresamente.

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007.

TERCEIRO.- Que o Concello manifesta a súa vontade de contar cunha escola infantil integrada na Rede Galega de Escolas Infantís (GALESCOLAS)

En atención a todo o exposto, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a xestión da Galescola do Concello de Vigo, que se integra na Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas).

SEGUNDA.- Xestión da Galescola do Concello de Vigo

O Consorcio xestionará a Galescola, de acordo coas normas que o regulan e con plena autonomía funcional, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións:

- a) A tramitación diante dos servizos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o correspondente permiso de inicio de actividade, correndo cos gastos que dela se deriven*
- b) A selección, contratación e dirección do persoal*
- c) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto pedagóxico*

O Concello participará na xestión da Galescola formando parte do organismo de Selección de persoal do centro, participando no Goberno da Galescola -Consello do centro- e participando a través dos seus servizos sociais na selección dos alumnos e alumnas, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

Aquelas outras que se deriven da posta en marcha e das melloras do sistema de xestión da galescola, e a súa coordinación cos servizos sociais municipais.

TERCEIRA.- Obrigas das partes.

O Consorcio farase cargo de tódolos gastos derivados do funcionamento e equipamento da Galescola posteriores á sinatura deste Convenio

O Concello cederá o uso do inmovible adicado a galescola situado na rúa Palencia, asumindo o trinta por cento (30%) dos gastos totais da xestión integral do Centro, segundo o Anexo I.

CUARTA.- Comisión Mixta Consorcio - Concello.

A vixianza e seguemento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Xerencia do Consorcio e a Concelleira-Delegada de Benestar Social con competencias delegadas, segundo o decreto de data 5 de xullo de 2007.

A dita comisión terá como funcións:

- Seguimento e no seu caso proposta do proxecto pedagóxico da escola que será elaborado pola Comisión Educativa da Galescola e aprobado polo Consello de Participación da mesma.*
- A avaliación dos resultados pedagóxicos e económicos da execución do convenio.*
- O seguimento dos gastos da escola que serán remitidos anualmente polos Servizos Técnicos do Consorcio.*
- A aprobación da xustificación de gastos realizados e da contabilidade do centro.*

- *A proposta da actualización das achegas económicas do concello.*
- *A resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do presente convenio.*

QUINTA.- Duración

O presente convenio terá unha duración de dez anos naturais.

O convenio prorrogarase automaticamente por períodos de igual duración se ningunha das partes se opón á prorroga antes do inicio do último ano do correspondente período.

SEXTA.- Actualización do Convenio.

A actualización da aportación económica do Concello será revisada anualmente pola Comisión mixta Consorcio – Concello segundo o especificado na cláusula cuarta deste convenio, unha vez calculado e comunicado polo Consorcio o custo usuario/a - praza revisado anualmente.

SÉTIMA.- Natureza e réxime xurídico aplicable.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

ANEXO I

De conformidade co previsto na cláusula terceira do presente convenio, o Concello asume un terzo dos gastos totais da xestión integral da Galescola, que para o ano 2008 valóranse na contía de 66.240 €, segundo os seguintes cálculos

Custo mensual praza: 450 €

Custo anual praza: 5.400 €

Custo total do servizo por ano: 221.400 € (5400 € x 41 prazas)

Custo asumido polo concello (30% do custo total): 66.420 €

38(570).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA A PREPARACIÓN DA CANDIDATURA DE VIGO UNIVERSIADA 2013. EXPTE. 220/107.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica do 11.04.08, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 10.04.08, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: A aprobación do texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Deporte (VIDE) para a dinamización e desenvolvemento xenerico do Proxecto “Vigo Universiada 2013”.

SEGUNDO: Para facer fronte o gasto que supón o presente convenio coa Fundación VIDE, estase a tramitar unha modificación orzamentaria (credito extraordinario) por importe dun 1.000.000,00 €.

TERCEIRO: Que se leven a cabo os tramites preceptivos para autorizar os gastos necesarios os

efectos de facer efectiva a aportación prevista polo Concello de Vigo no apartado anterior (1.000.000,00 €.) para a execución do obxecto do presente convenio.

CUARTO: Habilitar ao Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, D. Santiago Dominguez Olveira, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) PARA A ORGANIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO PROXECTO “VIGO UNIVERSIADA 2013” NO PROCESO DE SELECCIÓN ESTABLECIDO POLA FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE DEPORTE UNIVERSITARIO (FISU) PARA DETERMINAR A CANDIDATA A ORGANIZAR A 27 UNIVERSIADA DE VERAN 2013.

En Vigo, a de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte: D. Santiago Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte: D. Xavier Alonso Pérez, como Presidente do Comité Ejecutivo da Fundación Vigo en Deporte, con C.I.F. G- 36.894.020 e con domicilio social en Rúa Cesáreo González, s/n Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Fundación Vigo en Deporte foi constituída con data 19 de novembro de 2001 e clasificada por Orden da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 27 de decembro de 2001 e declarada de interese galego pola mesma Consellería de 4 de febreiro de 2.002, quedando adscrita ó Protectorado da Xunta de Galicia e atopase incluída entre as reguladas na Sección 1ª Capítulo I dó Título II da Lei 30/1.994; ten entre os seus fins fundacionais o fomento do deporte co orixe en Vigo.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo iniciaron de forma activa a preparación da candidatura de “Vigo Universiada 2013” para ser sede oficial da 27 Universiada de Verán do ano 2013. Este evento celébrase cada dous anos e convoca a uns 10.000 deportistas de uns 170 países, cifras superadas unicamente polo xogos olímpicos e a celebración das vindeiras edicións están previstas en Belgrado (Serbia 2009) e Schenzhen (China 2011).

TERCEIRO: Actualmente o proxecto “Vigo Universiada 2013”, xa foi presentado oficialmente ante a FISU o pasado 14 de marzo de 2008. Dende esta data, iniciase o proceso de selección internacional que finalizará o vindeiro 31 de maio de 2008, nunha Asamblea da Comisión Executiva de FISU, na que “Vigo Universiada 2013” deberá defender o seu proxecto, nun proceso competitivo con Kazan (Rusia) e Gwanju (Corea do Sur).

CUARTO: A organización e desenvolvemento dun proxecto desta magnitude, demanda unha estrutura coa axilidade de xestión que poida desenvolver a totalidade dos procesos e protocolos de colaboración entre diversas administracións así como a capacidade de xestión para axilizar

os tramites necesarios para os actos e proxectos de promoción que demanda o actual proxecto, co obxectivo de fundamentar os principios e garantías de equilibrio, capacidade, solvencia e xestión das actividades obrigatorias derivadas das condicións estipuladas no proceso de selección definido pola FISU e que de forma específica queda estipulado no anexo que se presenta adxunto a este expediente

QUINTO: *De forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións dunha especificidade única en torno a un proxecto dunha relevante singularidade e que non responde de forma específica a ningunha actividade xenérica da administración. As relacións e necesidades vinculadas coas actuacións necesarias do proxecto “Vigo Universiada 2013”, podemos calificarlas na súa magnitude como atípicas e dunha complexidade importante en relación a conxunción de un sin fin de pequenos, servizos que todos deben responder a criterios de promoción, cumprimento de mínimos definidos pola Federación Internacional, relacións profesionais en base as pautas definidas nas bases de actuación, etc.*

Todos estos aspectos nos levan a necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa Fundación VIDE no cal buscase no obxecto principal do mesmo encamiñar as actuacións de colaboración como axente coordinador no desenvolvemento do proxecto “Vigo Universiada 2013”, de cara a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste gran proxecto.

Asi mesmo as actuacións concretas e multifacéticas que contempla baixo este convenio teñen un claro interese público e social a través da dinamización do proxecto “Vigo Universiada 2013”, coa Fundación Vigo Deporte a cal é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas nestos ámbitos de actuación e na cal participa o propio Concello de Vigo.

SEXTO: *Que en virtud do exposto, o continuo complexo do obxecto que regulase neste convenio non está regulado na Lei de Contratos da Administracións públicas polo que o negocio queda excluído por razóns obxectivas da Lei de contratos.*

Que en virtud delo, ambas partes acordan suscribir o presente convenio de colaboración en relación a necesidade de executar e desenvolver as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade, solvencia e apoio o proxecto “Vigo Universiada 2013” y que de forma específica enmarcase nas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira: *O obxecto do presente convenio establecece na colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VIDE para a execución baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade, solvencia e xestión das actividades obrigatorias derivadas das condicións estipuladas no proceso de selección definido pola FISU no proceso de selección da candidata a organizar a 27 Universiada de Verán de 2013.*

Segunda: *A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (art. 3.1.1), queda referida as propias cláusulas del*

convenio, as restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira: A Fundación Vide atenderá os criterios definidos pola FISU para a defensa do proxecto “Vigo Universiada 2013”, presentado oficialmente o pasado 14 de marzo de 2008. Dende esta data, iniciase o proceso de selección internacional que finalizará o vindeiro 31 de maio de 2008, nunha Asamblea da Comisión Executiva de FISU, na que “Vigo Universiada 2013” deberá defender o seu proxecto, nun proceso competitivo con Kazan (Rusia) e Gwanju (Corea do Sur).

Cuarta: A Fundación Vigo en Deporte, comprométese a proporcionarlle as vantaxes sociais de posibilitar a dinamización das diversas actuacións e procesos establecidos pola FISU a través da súa estrutura e de forma concreta establece en:

- Realización de xestión para a captación de recursos externos para a financiación do proxecto “Vigo Cidade Candidata a Universiada 2013”.
- Colaborar co Concello de Vigo no diseño, execución e difusión das actuacións previas a defensa final da Candidatura “Vigo Universiada 2013”.
- Establecer a través de recurso propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vinculadas coas actuacións de promoción na cidade de Vigo do proxecto “Vigo Universiada 2013”.
- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo da Cidade para as actuacións conxuntas de promoción.
- Realizar cantas xestións sexan necesarias con outras administracións para a consecución dos apoios demandados pola FISU.
- Organizar todas as necesidades de medios para o programa vinculado coa visita a Vigo da Comisión da FISU no proceso de avaliación da Candidatura.
- Contratación de servizos e medios para preparación da Delegación que deberá asistir o acto de defensa do proxecto de “Vigo Cidade Candidata Universiada 2013” ante a FISU en Bruselas o vindeiro 31 de maio.
- Desenvolver propostas de estudos técnicos sobre os diversos impactos económicos do proxecto “Vigo Universidad 2013” en Vigo.
- Apertura dunha conta corrente específica e única para a xestión dos ingresos e gastos derivados do presente proxecto.

Quinta: O Concello de Vigo comprométese a:

- Facilitar a Fundación VIDE a tramitación das necesidades propias do Concello para a realización do proxecto “Vigo Universiada 2013”.
- Autorizar a VIDE a utilización da imaxen corporativa do proxecto en todas as actuacións de promoción e captación de recursos para o desenvolvemento do proxecto.
- Para a colaboración na financiación dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Universiada 2013” o Concello de Vigo a través da Tenencia de Alcaldía aportará o presente convenio a cantidade de 1.000.000,00 €, en base a modificación orzamentaria que este departamento esta tramitando.
- O pago do importe será aboada a Fundación VIDE, unha vez que sexa operativo o crédito orzamentario que se atopa en trámite a través dunha modificación extraordinaria de crédito

polo importe de 1.000.000,00 €. Este pago efectuarese previa certificación e xustificación do mesmo por parte da Fundación VIDE según os criterios definidos na clausula oitava do presente convenio.

Sexta: A Vixencia deste convenio e pola totalidade do período vinculado o calendario da FISU para a defensa da Candidatura “Vigo Universiada 2013”, e darase por rematado como máximo 2 meses despois de rematado este proceso que en principio está fixado para o 31 de maio de 2008.

Septima: A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria para a xustificación das actividades realizadas. O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada. O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto desenvolvemento do programa de actuación.

O Técnico responsable da Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente convenio, certificará a adecuada xustificación do presente convenio mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.

Oitava: Para a tramitación do pago do importe da aportación do Concello de Vigo a través do presente convenio a Fundación VIDE deberá de achegar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos em base a propsta de gastos do anexo I.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio para o cal debe figurar de forma xenérica o concepto de proxecto Universiada coas seguintes especificidades:
 - Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.
 - Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
 - En relación as aportacións económicas que realiza a Fundación VIDE, será suficiente o documento orixinal da certificación da Doación realizada póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o

motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Novena: O presente convenio ten caracer administrativo rexendose polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios da Lei de Contratos das Administracións públicas (texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000 do 16 de xuño) para regular as dúbidas e lagunas que podan presentarse.

De conformidade co establecido no artigo da Lei de Contratos das Administracións Públicas, os contratos que concerte VIDE en execución deste convenio quedaran suxeitas ás prescricións da citada Lei en canto á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adjudicación

Decima: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio. Esta comisión de seguimento estará formada por unha persoa nomeada por cada unha das partes. A sinatura do presente convenio non é incompatible con calquer outro que asine VIDE en base a potenciación do actual proxecto.

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio por triplicado.

ANEXO I:

Necesidades económicas do proxecto:

O proceso de selección dunha candidatura e moi complexo e sofisticado, require dun plan estratéxico adecuadamente deseñado, capaz de mobilizar vontades de diversos segmentos, así como dos integrantes do Comité Executivo da FISU. Require ademais a presentación da candidatura a través de diversos mecanismos; redacción do anteproyecto, presentación, presenza en acontecementos deportivos internacionais, reunións da FISU, visitas oficiais, etc.

Actualmente o proxecto “Vigo Universiada 2013”, xa foi presentado oficialmente ante a FISU o pasado 14 de marzo de 2008. Dende esta data, iniciase o proceso de selección internacional que finalizará o vindeiro 31 de maio de 2008, nunha Asamblea da Comisión Executiva de FISU, na que “Vigo Universiada 2013” deberá defender o seu proxecto, nun proceso competitivo con Kazan (Rusia) e Gwanju (Corea do Sur).

En base temas expostos, ou Concello de Vigo leva desenvolto xa unha primeira parte do proxecto, e inicia unha nova fase para ou desenvolvemento do mesmo dentro dos criterios de máxima calidade demandados, polo cal atopamos a seguinte previsión de gastos:

<i>Custo Oficina Universiada 2013</i>	<i>57.000,00 €</i>
<i>Informe de Candidatura</i>	<i>250.000,00 €</i>

<i>Relacións Internacionais -</i>	150.000,00 €
<i>Expertos Internacionais - Proyecto organización</i>	300.000,00 €
<i>Visitas Comités Avaliación FISU</i>	50.000,00 €
<i>Comunicación</i>	90.000,00 €
<i>Promoción e Imagen Candidatura</i>	275.000,00 €
<i>Relacións coas Federacións Deportivas, promoción de eventos</i>	90.000,00 €
<i>Presentación FISU (Bruxelas, 28, 29, 30, 31/5/08)</i>	275.000,00 €
<i>Varios</i>	80.000,00 €
<i>Total</i>	1.617.000,00 €

39(571).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.